



II Plan de IGUAL DADE

Concellería de Servizos
Sociais e Igualdade



Concello de
Oleiros



Pacto de Estado
contra a violencia de xénero



GOBERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD

CONTIDO

LIÑA ESTRATÉXICA 1. GOBERNO MUNICIPAL	6
OE 1.1. FORTALECER E AVANZAR NA INCORPORACIÓN DA TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO PARA QUE ESTEA PRESENTE EN TODA A XESTIÓN PÚBLICA MUNICIPAL	8
OE 1.1.1.	9
OE 1.1.2.	11
OE 1.1.3.	13
OE 1.1.4.	14
OE 1.1.5.	15
OE 1.1.6.	17
OE 1.2. PROMOVER O DESENVOLVEMENTO, COORDINACIÓN E AVALIACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE	18
OE 1.2.1.	19
OE 1.2.2.	21
OE 1.2.3.	22
OE 1.3. REFORZAR A COMUNICACIÓN DAS POLÍTICAS DE IGUALDADE PARA POÑER EN VALOR O COMPROMISO DO CONCELLO COA IGUALDADE	24
OE 1.3.1.	25
OE 1.3.2.	26
LIÑA ESTRATÉXICA 2. PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES	27
OE 2.1. FOMENTAR A AUTONOMÍA ECONÓMICA E UNHA MAIOR PARTICIPACIÓN DAS MULLERES NO MERCADO LABORAL	30
OE 2.1.1.	31
OE 2.2. CONTINUAR IMPULSANDO A COEDUCACIÓN DE FORMA INTEGRAL PARA A TRANSMISIÓN DE VALORES E ACTITUDES IGUALITARIAS, DE BO TRATO E DE RESPECTO Á DIVERSIDADE, CONTANDO COA PARTICIPACIÓN E A IMPLICACIÓN DE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA	32
OE 2.2.1.	33
OE 2.2.2.	35
OE 2.2.3.	37
OE 2.2.4.	38
OE 2.2.5.	39
OE 2.2.6.	40
OE 2.3. FOMENTAR A PRÁCTICA DEPORTIVA DAS MULLERES DE TODAS AS IDADES PARA PROMOVER UN ESTILO DE VIDA ACTIVO PARA A SAÚDE E O BENESTAR PERSOAL	41
OE 2.3.1.	42
OE 2.3.2.	43
OE 2.3.3.	45
OE 2.4. IMPULSAR A INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO E A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NOS CLUBS E ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS	46
OE 2.4.1.	47

OE 2.5. IMPULSAR UNHA MAIOR PARTICIPACIÓN DO TECIDO ASOCIATIVO NA PROMOCIÓN DOS VALORES DA IGUALDADE	49
OE 2.5.1.	50
OE 2.6. FOMENTAR A IGUALDADE DE XÉNERO A TRAVÉS DA SENSIBILIZACIÓN SOCIAL E DO ÁMBITO CULTURAL	52
OE 2.6.1.	53
OE 2.6.2.	54
OE 2.7. FOMENTAR A IGUALDADE ENTRE MOZAS E MOZOS E APOIOIAR AOS COLECTIVOS LGBTIQ+ NAS CASAS DA MOCIDADE	56
OE 2.7.1.	57
LIÑA ESTRATÉXICA 3. COIDADOS E CORRESPONSABILIDADE	59
OE 3.1. CONSOLIDAR E POTENCIAR OS RECURSOS E SERVIZOS QUE PROMOVEN A CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL	61
OE 3.1.1.	62
OE 3.1.2.	63
OE 3.1.3.	64
OE 3.1.4.	66
OE 3.2. CONTINUAR FOMENTANDO O AUTOCOIDADADO PARA MELLORAR O NIVEL DE SAÚDE E BENESTAR SOCIAL DESDE UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO	67
OE 3.2.1.	68
OE 3.2.2.	69
OE 3.2.3.	70
OE 3.2.4.	71
OE 3.3. FAVORECER A INCLUSIÓN DAS PERSOAS DEPENDENTES CON DISCAPACIDADE NAS ACTIVIDADES DE OCIO DO CONCELLO	72
OE 3.3.1.	73
OE 3.4. DESENVOLVER ACCIÓNS QUE FAVOREZAN A TOMA DE CONCIENCIA DA IMPORTANCIA DA CORRESPONSABILIDADE E POÑAN EN VALOR OS TRABALLOS DE COIDADADO	74
OE 3.4.1.	75
OE 3.4.2.	76
LIÑA ESTRATÉXICA 4. VIOLENCIA DE XÉNERO E OUTRAS VIOLENCIAS MACHISTAS	78
OE 4.1. MELLORAR A COORDINACIÓN ENTRE AS DIFERENTES ADMINISTRACIÓNS E/OU ENTIDADES NA LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	80
OE 4.1.1.	81
OE 4.1.2.	83
OE 4.2. INCIDIR NA DETECCIÓN E REFORZAR O SISTEMA DE ATENCIÓN INTEGRAL ÁS VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO E DOUTRAS VIOLENCIAS MACHISTAS	84
OE 4.2.1.	85
OE 4.2.2.	87
OE 4.2.3.	88
OE 4.2.4.	89
OE 4.2.5.	90

OE 4.3. SEGUIR INCIDINDO NA SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E DOUTRAS VIOLENCIAS MACHISTAS.....	91
OE 4.3.1.....	92
OE 4.3.2.....	94
OE 4.3.3.....	96

Como se estrutura o PLAN?

LIÑAS ESTRATÉXICAS

Definen os compromisos e as **cuestións prioritarias nas que se vai traballar durante o período de vixencia do II Plan**. Recollen de forma explícita, non só o que hai que facer, senón tamén cales son as metas estratéxicas nas que é necesario traballar conxunta e coordinadamente.

Liña estratéxica 1 | Goberno municipal | **ÁMBITO INTERNO**, dirixida a promover a incorporación da perspectiva de xénero no traballo interno da Administración.

Liña estratéxica 2 | Participación social no cambio de valores e empoderamento

Liña estratéxica 3 | Coidados e coresponsabilidade

Liña estratéxica 4 | Violencia de xénero e outras violencias machistas

ÁMBITO EXTERNO, dirixidas á cidadanía e a promover medidas para prever e combater as desigualdades de xénero e as derivadas da orientación sexual e identidade de xénero.

OBXECTIVOS

Os XERAIS, son os que engloban o que se persegue. Delimitan o que pretende alcanzarse en relación á liña.

Os ESPECÍFICOS, son concretos e medibles. Materialízanse a través dunha serie de medias de actuación.

MEDIDAS

Son os instrumentos e/ou as estratexias propostas para desenvolver as liñas e acadar os obxectivos. Son xenéricas, para adaptarse á realidade conxuntural do período de vixencia do II Plan e aos cambios detectados ao longo do seu desenvolvemento. Por cada medida, recóllense accións específicas e concretas para tratar a medida dunha forma integral.

Cada unha das medidas vai acompañada dunha ficha onde se describe o proceso de implementación. Detállase:

- **QUE SE VAI FACER**. Descrición xeral da medida e do que se espera conseguir.
- **PORQUE E PARA QUE A MEDIDA**. Xustificación e motivación da necesidade da súa implementación, en base aos datos e información da diagnose.
- **COMO SE VAI FACER**. Relación de accións específicas e concretas para o desenvolvemento da medida.
- **RESPONSABILIDADE DA SÚA IMPLEMENTACIÓN**. Refírese ao departamento responsable, introducindo a forma estrutural do Concello. Pero a responsabilidade departamental non se esgota nunha área concreta, xa que se contempla que o ámbito de competencia se estenda a máis dun departamento.
- **PERÍODO DE EXECUCIÓN E TEMPORALIDADE**.
- **TIPO DE MEDIDA**. As tipoloxías de medidas contempladas teñen que ver con: **normas** (coa obrigatoriedade dunha determinada actuación); **coñecemento** (estudos, diagnoses, compilación de datos etc.); **sensibilización** (formación e información); **capacitación** (instrumentos para cualificar o persoal técnico e político no uso e manexo de información); **servizos e recursos** (programas, plans, accións formativas, RRHH e económicos e en xeral outra infraestrutura precisa para a consecución da medida e o obxectivo); **comunicación e difusión**; **seguimento e avaliación**.
- **ORZAMENTO**. Carácter orientativo, contemplando o custo de accións específicas.
- **INDICADORES** de seguimento e avaliación. **Indicadores de proceso** (facilitan o seguimento das accións concretas que se prevén realizar para o desenvolvemento da medida, e estiman o resultado esperado) e **de resultado** (relacionados coas accións concretas realizadas para o desenvolvemento da medida, dan conta dos resultados acadados).

LIÑA ESTRATÉXICA | 1 GOBERNO MUNICIPAL

Obxectivo xeral	
INCORPORAR A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA POLÍTICA E ACCIÓN MUNICIPAL	
Obxectivos específicos (OE)	OE 1.1. Fortalecer e avanzar na incorporación da transversalidade de xénero para que estea presente en toda a xestión pública municipal.
	OE 1.2. Promover o desenvolvemento, coordinación e avaliación do II Plan de igualdade.
	OE 1.3. Reforzar a comunicación das políticas de igualdade para poñer en valor o compromiso do Concello coa igualdade.

LIÑA ESTRATÉXICA | 1 GOBERNO MUNICIPAL

OBXECTIVO XERAL

Incorporar a perspectiva de xénero na política e acción municipal

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	MEDIDAS
<p>OE 1.1. Fortalecer e avanzar na incorporación da transversalidade de xénero para que estea presente en toda a xestión pública municipal.</p>	<p>OE 1.1.1. Dotación de persoal técnico específico á Concellería de Servizos Sociais e Igualdade para fortalecer a área de igualdade e a incorporación da transversalidade de xénero en todas as estruturas municipais.</p>
	<p>OE 1.1.2. Inclusión de cláusulas para a igualdade entre mulleres e homes na contratación municipal e nas subvencións.</p>
	<p>OE 1.1.3. Reorganización de todo o procedemento administrativo tendo en conta a perspectiva de xénero e a interseccionalidade.</p>
	<p>OE 1.1.4. Inclusión da Lei de igualdade e contidos relacionados coa perspectiva de xénero nos temarios de oposicións e nos procesos selectivos para o acceso e provisión de prazas de persoal.</p>
	<p>OE 1.1.5. Promoción xeneralizada dun uso non sexista da linguaxe e das imaxes, tanto na comunicación interna como externa municipal.</p>
	<p>OE 1.1.6. Darlle continuidade á visibilización da muller ao longo da historia no ámbito urbano municipal.</p>
<p>OE 1.2. Promover o desenvolvemento, coordinación e avaliación do II Plan de igualdade.</p>	<p>OE 1.2.1. Articulación da participación do persoal técnico das diferentes áreas municipais para o impulso e coordinación do II Plan de igualdade.</p>
	<p>OE 1.2.2. Difusión do II Plan de igualdade entre o persoal técnico do Concello e a cidadanía.</p>
	<p>OE 1.2.3. Establecemento do proceso de seguimento e avaliación do II Plan.</p>
<p>OE 1.3. Reforzar a comunicación das políticas de igualdade para poñer en valor o compromiso do Concello coa igualdade.</p>	<p>OE 1.3.1. Difusión e emprego da imaxe de marca das políticas de igualdade.</p>
	<p>OE 1.3.2. Revisión e potenciación das estratexias de comunicación empregadas.</p>

OE 1.1. FORTALECER E AVANZAR NA INCORPORACIÓN DA TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO PARA QUE ESTEA PRESENTE EN TODA A XESTIÓN PÚBLICA MUNICIPAL

MEDIDAS

- OE 1.1.1. Dotación de persoal técnico específico** á Concellería de Servizos Sociais e Igualdade para fortalecer a área de igualdade e incorporar a transversalidade de xénero en todas as estruturas municipais.
- OE 1.1.2. Inclusión de cláusulas para a igualdade** entre mulleres e homes na contratación municipal e nas subvencións.
- OE 1.1.3. Reorganización de todo o procedemento administrativo** tendo en conta a perspectiva de xénero e a interseccionalidade.
- OE 1.1.4. Inclusión da Lei de igualdade** e contidos relacionadas coa perspectiva de xénero **nos temarios de oposicións** ao Concello e **nos procesos selectivos** para o acceso e provisión de prazas de persoal.
- OE 1.1.5.** Promoción xeneralizada dun **uso non sexista da linguaxe e das imaxes** tanto na comunicación interna como externa municipal.
- OE 1.1.6. Darlle continuidade á visibilización da muller** ao longo da historia **no ámbito urbano** municipal.

LIÑA ESTRATÉXICA 1		GOBERNO MUNICIPAL			
OBXECTIVO XERAL		Incorporar o principio de igualdade entre mulleres e homes nas políticas municipais.			
Obxectivo específico	OE 1.1.	Fortalecer e avanzar na incorporación da transversalidade de xénero para que estea presente en toda a xestión pública municipal.			
CÓD.	MEDIDA	Dotación de persoal técnico específico á Concellería de Servizos Sociais e Igualdade para fortalecer a área de igualdade e a incorporación da transversalidade de xénero en todas as estruturas municipais.			
OE 1.1.1.					
Descrición		Contratación do perfil de axente de igualdade como persoal técnico especialista en igualdade, que se encargue de impulsar o plan e potenciar o avance na incorporación da transversalidade de xénero nas políticas municipais.			
Tipo de medida		Servizos e recursos (organizativa)			
Xustificación		O Concello non conta cun perfil profesional especializado en políticas de igualdade, como pode ser un axente ou técnica/o de igualdade, que poida realizar un traballo continuo, especializado e con ampla dedicación na materia. Como se sinalou reiteradamente nos procesos participativos, e se recolleu na Diagnose deste II Plan de igualdade, unha das principais debilidades ten que ver coa inexistencia dunha figura de referencia para a coordinación do Plan e a implementación de políticas e accións específicas en materia de igualdade. Cómpre, entón, a dotación de persoal técnico específico para a coordinación, impulso e seguimento do Plan; e como referente para as distintas áreas municipais, para apoiar os departamentos na consecución da transversalización da perspectiva de xénero. En conclusión, todo proceso de transversalidade de xénero implica un cambio cultural e organizativo que implica modificar criterios e procedementos que fan necesario contar con apoio técnico especializado, con persoal específico que dispoña de competencias e capacitación en enfoque integrado de xénero, que coordine e apoie na inclusión da transversalidade.			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		-			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	<input type="checkbox"/> Puntual
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		30.000 €			
Persoas / colectivos destinatarios		Ámbito interno (persoal técnico e político municipal)			
Accións específicas		<p>Un dos pasos a seguir para a incorporación do principio de igualdade nas políticas municipais é dotar as administracións de persoal específico especialista en xénero. Neste caso, incorporar un perfil profesional para o asesoramento e implementación do II Plan de igualdade.</p> <p>As funcións a desenvolver por este perfil profesional, son:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Asesoramento e apoio ás diferentes áreas municipais para a integración da perspectiva de xénero nos seus proxectos e actividades. • Coordinación cos diferentes departamentos e seguimento da implantación das medidas do II Plan de igualdade. • Avaliación e recollida de información a través do sistema de indicadores recollidos nas fichas das medidas de actuación. • Deseño e implementación de accións formativas dirixidas ao persoal técnico e político municipal en materia de xénero. • Asesoramento ao tecido empresarial e asociativo para a incorporación de medidas de igualdade de oportunidades nas súas entidades. • Creación de documentación, pautas e guías de actuación e outro material de consulta e reforzo para as diferentes áreas municipais. 			

	<ul style="list-style-type: none"> • Organización de accións no ámbito social e educativo do Concello. • Etc.
Indicadores de seguimento e avaliación	
Indicadores de proceso	Indicadores de resultado
<ul style="list-style-type: none"> • Perfil profesional previsto. • Funcións previstas para o posto. 	<ul style="list-style-type: none"> • Implementación da medida (si /non). • Perfil formativo da(s) persoa(s) contratada(s). • Funcións accións desenvoltas pola(s) persoas(s) contratada(s). • Número de consultas atendidas (desagregadas por áreas municipais, tecido asociativo etc.).

LIÑA ESTRATÉXICA 1		GOBERNO MUNICIPAL			
OBXECTIVO XERAL		Incorporar o principio de igualdade entre mulleres e homes nas políticas municipais.			
Obxectivo específico	OE 1.1.	Fortalecer e avanzar na incorporación da transversalidade de xénero para que estea presente en toda a xestión pública municipal.			
CÓD.	MEDIDA	Inclusión de cláusulas para a igualdade entre mulleres e homes na contratación municipal e nas subvencións.			
OE 1.1.2.					
Descrición		As cláusulas de igualdade son ferramentas para a integración do principio de igualdade nos procedementos de contratación e nas subvencións. Trátanse de criterios sociais que proporcionan unha maior calidade na prestación do servizo obxecto do contrato, así como unha maior eficiencia no emprego dos recursos públicos.			
Tipo de medida		Capacitación, servizos e recursos			
Xustificación		<p>Tanto a concesión de subvencións como a contratación desde o ámbito público municipal teñen gran relevancia na actuación das administracións, polo que as cláusulas de igualdade funcionan como instrumentos para producir cambios sociais ao incorporar medidas igualitarias para o acceso aos recursos públicos. Así mesmo, a Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos no sector público, regula nas licitacións públicas cláusulas sociais que favorezan a igualdade de xénero.</p> <p>Tal e se recolleu na diagnose do Plan, unha das debilidades apuntadas durante o proceso participativo ten que ver coas dificultades coas que, en xeral, se atopa o persoal municipal para a inclusión de cláusulas de igualdade nos contratos públicos. Dificultade derivada, principalmente, da falta de coñecemento e formación na súa incorporación, así como na ausencia de criterios comúns e pautas de actuación precisas (argumentación xurídica sobre a súa correcta aplicación e sobre os beneficios sociais que supoñen, metodoloxía para a redacción, cláusulas tipo, etc.).</p>			
Departamento responsable		Contratación, Recursos Humanos			
Departamentos colaboradores		Todos os departamentos			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica	<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	<input type="checkbox"/> Puntual	
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. I.O.A.A. B. D.I. C. D.I. D. D.I. E. D.I. F. D.I.			
Persoas / colectivos destinatarios		Todos os departamentos			
Accións específicas		<p>Para un correcto emprego das cláusulas de igualdade, é recomendable fixar unha serie de pautas ou acordar criterios a aplicar nos procedementos de contratación e/ou nas subvencións, que resulten suficientemente flexibles para evitar a rixidez de non poder adaptalos a contextos concretos. A continuación recóllense, unha serie de accións específicas que poden contribuir ao desenvolvemento da medida ao longo do período de execución previsto:</p> <p>A. Dentro da oferta formativa do Concello, organización de accións de capacitación necesarias para a inclusión das cláusulas sociais de igualdade de xénero dirixidas ao persoal técnico que xestiona as subvencións. Esta acción está relacionada coa medida 1.1.1 e coa medida 1.3.1.</p> <p>B. Revisión dos criterios fixados nos pregos de contratación relativos á inclusión de cláusulas sociais de igualdade de xénero e elaboración dunha proposta de instrucións sobre como incorporar criterios sociais para o fomento da igualdade de oportunidades e de trato dentro das cláusulas administrativas</p>			

	<p>e/ou técnicas que regulen os contratos maiores a subscribir polas distintas concellerías. Esta acción está relacionada coa medida 1.1.1</p> <p>C. Realización de suxestións sobre posibles cláusulas sociais de igualdade de xénero que se poderían incorporar (de forma opcional) en determinados contratos menores a subscribir polas diferentes concellerías. Esta acción está relacionada coa medida 1.1.1</p> <p>D. Revisión dos criterios fixados nas bases reguladoras das subvencións do Concello dirixidas ao tecido asociativo para a elaboración dunha proposta de instrucións referidas á incorporación da perspectiva de xénero entre os criterios de valoración para a concesión de axudas económicas/subvencións (por exemplo, cláusulas que primen as asociacións que realicen proxectos con perspectiva de xénero e que dispoñan de paridade nas xuntas directivas). Esta acción está relacionada coa medida 1.1.1</p> <p>E. Asesoramento do persoal especialista en materia de xénero na aplicación, seguimento e cumprimento das cláusulas sociais de igualdade de xénero establecidas. Esta acción está relacionada coa medida 1.1.1</p> <p>F. Elaboración dunha guía práctica para a incorporación das cláusulas sociais de igualdade de xénero. Esta acción está relacionada coa medida 1.1.1</p>
Indicadores de seguimento e avaliación	
Indicadores de proceso	Indicadores de resultado
<ul style="list-style-type: none"> • Accións de capacitación previstas para a inclusión das cláusulas sociais de igualdade de xénero dirixidas ao persoal técnico que xestiona as subvencións. • Número e tipo de procedementos de contratación pública en cada área ou departamento con carácter anual previstos revisar. • Número e tipo de convocatorias de subvencións en cada área ou departamento con carácter anual previstas realizar. • Número de horas de asesoramento do persoal especialista previstas. • Tipo de guía para a incorporación das cláusulas sociais de igualdade de xénero que se prevé realizar. 	<ul style="list-style-type: none"> • Accións de capacitación realizadas para a inclusión das cláusulas sociais de igualdade de xénero dirixidas ao persoal técnico que xestiona as subvencións. • Número e tipo de procedementos de contratación pública, convocatorias de subvención ou convenios revisados e actualizados en cada área/ e ou departamento. • Número, porcentaxe e tipo de procedementos de contratación pública que inclúen cláusulas de igualdade en cada área/ e ou departamento. • Número, porcentaxe e tipo de subvencións que inclúen cláusulas de igualdade en cada área/ e ou departamento. • Número de horas de asesoramento do persoal especialista realizadas. • Elaboración da guía (si / non). • Tipo de guía elaborada.

LIÑA ESTRATÉXICA 1		GOBERNO MUNICIPAL			
OBXECTIVO XERAL		Incorporar o principio de igualdade entre mulleres e homes nas políticas municipais.			
Obxectivo específico	OE 1.1.	Fortalecer e avanzar na incorporación da transversalidade de xénero para que estea presente en toda a xestión pública municipal.			
CÓD.	MEDIDA	Reorganización dos procedementos administrativos tendo en conta a perspectiva de xénero e a interseccionalidade.			
OE 1.1.3.					
Descrición		Reorganizar os procedementos para incorporar a igualdade de xénero nas estruturas administrativas, partindo desde unha visión interseccional na que se teñan en conta as desigualdades percibidas e que avalíen os resultados acadados en termos de xénero.			
Tipo de medida		Coñecemento			
Xustificación		No I Plan de igualdade recollíase a necesidade de modificar os procedementos administrativos para mellorar a presenza da perspectiva de xénero. Se ben nalgúns departamentos se identificaron avances na integración da perspectiva de xénero no seu traballo diario, en termos xerais, segue sendo unha carencia significativa. Ademais, cómpre incorporar unha estratexia interseccional que identifique a relación entre todas as desigualdades que se dan dentro das estruturas administrativas. É así que se require de novas estratexias e/ou ferramentas e técnicas adecuadas de actuación que faciliten a integración da perspectiva de xénero e a interseccionalidade no traballo da Administración.			
Departamento responsable		Comunicación e Informática			
Departamentos colaboradores		Todos os departamentos			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. D.I. (Desenvolvemento interno) B. D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas / colectivos destinatarios		Ámbito interno (persoal técnico e político municipal)			
Accións específicas		Para contribuír ao desenvolvemento da medida, para unha reestruturación administrativa, que incorpore a interseccionalidade e a perspectiva de xénero, contéplanse unha serie de accións específicas: A. Contar con ferramentas de recollida de información en todos os departamentos municipais e emprego de indicadores desagregados por sexo, idade, etc. B. Análise e adaptación dos programas informáticos das distintas áreas para incorporar a variable sexo/xénero, idade, etc. nos formularios e rexistros, de forma que se poida coñecer a utilización desagregada por sexos dos servizos municipais.			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Tipo de ferramentas de recollida de información nos departamentos municipais que se prevén incorporar. 			<ul style="list-style-type: none"> Tipo de ferramentas de recollida de información nos departamentos municipais incorporadas. Número de áreas e/ou departamentos municipais que integran a recollida de datos desagregados nos seus procedementos. Número e tipo de programa informático de cada área e/ou departamento na que se incluíu a variable sexo/xénero. 		

LIÑA ESTRATÉXICA 1		GOBERNO MUNICIPAL			
OBXECTIVO XERAL		Incorporar o principio de igualdade entre mulleres e homes nas políticas municipais.			
Obxectivo específico	OE 1.1.	Fortalecer e avanzar na incorporación da transversalidade de xénero de maneira que estea presente en toda a xestión pública municipal.			
CÓD.	MEDIDA	Inclusión da Lei de igualdade e contidos relacionadas coa perspectiva de xénero nos temarios de oposicións ao Concello e nos procesos selectivos para o acceso e provisión de prazas de persoal.			
OE 1.1.4.					
Descrición		Con esta medida búscase que nos temarios e nas probas dos distintos procesos selectivos para a provisión de prazas de persoal, en especial das áreas de Servizos Sociais e Igualdade, RRHH e Policía Local, se inclúa a Lei de igualdade e outros contidos específicos relacionados coa perspectiva de xénero.			
Tipo de medida		Normas, Servizos e Recursos			
Xustificación		Durante o período de vixencia do I Plan de igualdade a taxa de reposición de persoal mantívose en 0 e non houbo convocatorias públicas para a provisión de persoal funcionario no Concello, e polo tanto non houbo a oportunidade de incluír neste tipo de procesos un temario específico en materia de igualdade. Pero, con carácter xeral, non se adoita incluír temario específico sobre igualdade entre mulleres e homes (normativa vixente, obrigas das Administracións públicas en materia de igualdade, etc.) no resto de procesos selectivos para a provisión de prazas de persoal (nas probas de acceso ao emprego público do concello). Polo que, dadas as vantaxes que supón contar con persoal que dispoña de formación específica en xénero para fortalecer e avanzar na incorporación da transversalidade de xénero, segue estando vixente a necesidade de incidir na realización nesta medida.			
Departamento responsable		Recursos Humanos			
Departamentos colaboradores		Concellería de Servizos Sociais e Igualdade			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. D.I. (Desenvolvemento interno) B. D.I. (Desenvolvemento interno) C. D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas / colectivos destinatarios		Ámbito interno (persoal técnico e político municipal)			
Accións específicas		As accións específicas previstas para o desenvolvemento da medida: A. Inclusión de temario específico en materia de xénero nos procedementos de selección e promoción de persoal. B. Formación en xénero como requisito para acceder á carteira de emprego público nas áreas ou departamentos que así o especifiquen. C. Asesoramento do persoal técnico de igualdade para a incorporación dos temarios. Esta acción está relacionada coa medida 1.1.1			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Número de ofertas de emprego público nas que se prevé valorar positivamente a formación en materia de xénero. Número de procesos de promoción interna nos que se ten previsto valorar positivamente a formación en materia de xénero. Número de procedementos de selección e promoción nos que se prevé incluír un temario específico en materia de xénero. 			<ul style="list-style-type: none"> Número de procesos de oferta de emprego público nos que se valorou como mérito a formación en materia de xénero. Número de procesos de promoción interna nos que se valorou como mérito a formación en materia de xénero. Porcentaxe de procesos selectivos de acceso, provisión e promoción de emprego na Administración que inclúen un temario específico e/ou probas de coñecemento sobre as políticas de igualdade. 		

LIÑA ESTRATÉXICA 1		GOBERNO MUNICIPAL			
OBXECTIVO XERAL		Incorporar o principio de igualdade entre mulleres e homes nas políticas municipais.			
Obxectivo específico	OE 1.1.	Fortalecer e avanzar na incorporación da transversalidade de xénero de maneira que estea presente en toda a xestión pública municipal.			
CÓD.	MEDIDA	Promoción xeneralizada dun uso non sexista da linguaxe e das imaxes tanto na comunicación interna como externa municipal.			
OE 1.1.5.					
Descrición		Con esta medida búscase promover, de maneira xeneralizada, un uso non sexista da linguaxe por parte do persoal técnico e político, así como un emprego responsable e non estereotipado das imaxes que acompañan as comunicacións municipais.			
Tipo de medida		Capacitación, sensibilización, comunicación e difusión			
Xustificación		<p>Existe unha percepción maioritaria de que nos últimos anos se vén prestando máis atención ao uso dunha linguaxe inclusiva e non sexista na documentación e na comunicación desta Administración. Pero tamén se apunta que segue habendo oportunidades de mellora que teñen que ver coas resistencias que persisten sobre a importancia de empregar unha linguaxe que represente a todas e todos por igual, e que se asuma como fundamental á hora de realizar escritos ou documentación oficial.</p> <p>Na actualidade, o emprego da linguaxe inclusiva e non sexista constitúe unha cuestión de relevancia social. A través das entrevistas ao propio tecido asociativo de Oleiros, púidose constatar que existe unha maior sensibilidade respecto ao uso non sexista da linguaxe, tanto nas comunicacións formais como informais. Porén, estes axentes sociais tamén manifestan a necesidade de que se proporcione formación para un correcto emprego da linguaxe, así como unha guía práctica que sirva de orientación ás comunicacións ou documentos que xeren.</p>			
Departamento responsable		Normalización Lingüística			
Departamentos colaboradores		Todas as áreas ou departamentos			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	<input type="checkbox"/> Puntual
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		<p>A. 1 500 €</p> <p>B. D.I. (Desenvolvemento interno)</p> <p>C. D.I. (Desenvolvemento interno)</p> <p>D. D.I. (Desenvolvemento interno)</p>			
Persoas / colectivos destinatarios		Ámbito interno (persoal técnico e político municipal)			
Accións específicas		<p>A continuación recóllense exemplos de accións específicas que poden facilitar o desenvolvemento desta medida:</p> <p>A. Ao longo de 2021, elaboración por parte do departamento de Normalización Lingüística dunha ferramenta de apoio (guía, manual, decálogo, etc.) en formato dixital e impreso dirixida tanto ao persoal técnico e político municipal, como aos axentes sociais e entidades do tecido asociativo, para fomentar o uso non sexista da linguaxe.</p> <p>B. Como parte do deseño da ferramenta de apoio para o uso non sexista da linguaxe, dar visibilidade a referentes femininos (segundo o ámbito de acción institucional ou asociativa).</p> <p>C. Difusión da ferramenta de apoio para fomentar o uso non sexista da linguaxe entre o persoal técnico e político, e entre os diferentes axentes sociais e entidades do tecido asociativo.</p> <p>D. Revisión dos textos e formularios publicados na páxina web.</p> <p>E. Remisión por parte de todos os departamentos dos textos elaborados antes da súa publicación ao departamento de Normalización Lingüística.</p>			

Indicadores de seguimento e avaliación	
Indicadores de proceso	Indicadores de resultado
<ul style="list-style-type: none"> • Tipo de ferramenta de apoio que se prevé realizar para o fomento do uso non sexista da linguaxe. • Accións previstas para a difusión da ferramenta de apoio. • Referentes femininos aos que se pretende visibilizar a través da ferramenta de apoio. • Previsión das seccións da páxina web a revisar. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ferramenta de apoio elaborada (si / non). • Tipo de ferramenta elaborada. • Impresión da ferramenta de apoio (si / non). • Nº de copias impresas. • Nº de entidades ao que se lle entregou a ferramenta de apoio. • Difusión realizada á ferramenta de apoio (si / non). • Tipo de difusión realizada. • Referentes femininos visibilizados (si / non). • Revisión da páxina web (si / non). • Seccións revisadas. • Número e tipo de textos por departamento remitidos a Normalización Lingüística antes da súa publicación.

LIÑA ESTRATÉXICA 1		GOBERNO MUNICIPAL			
OBXECTIVO XERAL		Incorporar o principio de igualdade entre mulleres e homes nas políticas municipais.			
Obxectivo específico	OE 1.1.	Fortalecer e avanzar na incorporación da transversalidade de xénero de maneira que estea presente en toda a xestión pública municipal.			
CÓD.	MEDIDA	Darlle continuidade á visibilización da muller ao longo da historia no ámbito urbano municipal.			
OE 1.1.6.					
Descrición		Con esta medida búscase continuar visibilizando a relevancia e o papel da muller como axente activo ao longo da historia.			
Tipo de medida		Sensibilización			
Xustificación		No proceso participativo implementado durante os traballos de diagnose apuntouse á necesidade de continuar visibilizando á muller no ámbito urbano do Concello de Oleiros. Isto é, reivindicar a presenza da muller nos espazos, co obxectivo de destacar o papel activo que as mesmas tiveron ao longo da historia. Deste xeito, continuar coa iniciativa de nomear espazos públicos con mulleres de relevancia histórica é unha forma de rachar con invisibilidade que as mulleres experimentaron na narrativa histórica.			
Departamento responsable		Urbanismo, Obras Públicas, Parques e Xardíns			
Departamentos colaboradores		Concellería de Servizos Sociais e Igualdade			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica	<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	<input type="checkbox"/> Puntual	
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas / colectivos destinatarios		Ámbito interno (persoal técnico e político municipal)			
Accións específicas		Medida de continuidade			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Número de espazos públicos, rúas e prazas que se prevé dedicar ás mulleres. 			<ul style="list-style-type: none"> Implementación da medida (si /non). Número de espazos públicos, rúas e prazas de nova asignación dedicados a mulleres. 		

OE 1.2. PROMOVER O DESENVOLVEMENTO, COORDINACIÓN E AVALIACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE

MEDIDAS

- OE 1.2.1.** Articulación da **participación do persoal técnico das diferentes áreas municipais** para o impulso e coordinación do II Plan de igualdade.
- OE 1.2.2.** **Difusión** do II Plan de igualdade entre o persoal técnico do Concello e a cidadanía.
- OE 1.2.3.** Establecemento do **proceso de seguimento e avaliación** do II Plan.

LIÑA ESTRATÉXICA 1		GOBERNO MUNICIPAL			
OBXECTIVO XERAL		Incorporar o principio de igualdade entre mulleres e homes nas políticas municipais.			
Obxectivo específico	OE 1.2.	Promover o desenvolvemento, coordinación e avaliación do II Plan de igualdade.			
CÓD.	MEDIDA	Articulación da participación do persoal técnico das diferentes áreas municipais para o impulso e coordinación do II Plan de igualdade.			
OE 1.2.1.					
Descrición		<p>Coa medida búscase crear unha <i>estrutura organizativa</i> axeitada para mobilizar a participación do persoal das áreas e/ou departamentos municipais para o desenvolvemento e impulso do Plan. Partindo das medidas contidas no Plan, é necesario que se articule a participación das diferentes áreas e/ou departamentos municipais para definir e concretar as accións específicas que se van realizar con carácter anual, e plasmaslas en proxectos concretos.</p> <p>Polo tanto, a finalidade da medida é facilitar a coordinación para os labores de programación, seguimento e avaliación, e propoñer actuacións, melloras, cambios, etc. Contribúe, así mesmo, a dotar de transversalidade ao II Plan, ao estar conformada polo conxunto de áreas e/ou departamentos con responsabilidade directa no desenvolvemento das medidas.</p>			
Tipo de medida		Coñecemento, seguimento e avaliación			
Xustificación		<p>A coordinación entre as diferentes áreas do concello xa fora identificada no 2011 como unha debilidade para a implementación dunha política de igualdade transversal, e segundo os resultados da avaliación do I Plan, continúa a ser unha materia pendente. Aínda que no período de vixencia do I Plan de igualdade creouse a Comisión Técnica de Igualdade e aprobáronse as directrices para o seu funcionamento, ningunha destas medidas tivo efecto, pois non se realizaron reunións periódicas para a coordinación, impulso e avaliación das medidas do Plan. A carga de traballo do persoal; a falta de coñecementos en materia de igualdade e violencia de xénero, así como de conciencia de xénero; e a necesidade dunha maior proactividade; foron algúns dos principais obstáculos para o efectivo funcionamento da Comisión Técnica.</p> <p>Durante o proceso participativo da diagnose deste II Plan apuntouse a necesidade de darlle un novo impulso á Comisión Técnica de Igualdade, con novas estratexias que faciliten a súa actividade e funcionamento, e dándolle un enfoque de mellora continua (o que require da implicación das distintas áreas municipais). Pero tamén se apunta que, para poder articular unha comisión técnica, sería recomendable comezar a funcionar con espazos de reflexión e crear canles de comunicación cos departamentos máis proactivos e implicados en temas de xénero, e paralelamente realizar formacións específicas en materia de xénero para o conxunto do persoal dos departamentos. Nesta liña, proponse a creación de pequenos espazos de debate- unha ou dúas veces ao ano- para a sensibilización, a concienciación e o apoio interdepartamental. E unha vez acadados estes obxectivos, poderíase impulsar de maneira efectiva a constitución da Comisión Técnica co persoal de cada un dos departamentos.</p>			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		Todos os departamentos			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. D.I. (Desenvolvemento interno) B. D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas destinatarias		Ámbito interno (persoal técnico e político municipal)			
Accións específicas		A continuación recóllense accións específicas vencelladas á medida: A. Organización dunha rede de colaboración (de carácter voluntario) entre a área de			

	<p>Servizos Sociais e Igualdade e o persoal das diferentes áreas municipais.</p> <p>B. Establecemento de canles de comunicación entre os diferentes departamentos municipais, implementando espazos de coordinación (encontros para o debate, reunións, formacións, actividades de sensibilización, etc.), así como canles de recollida de suxestións sobre o II Plan e as medidas que contén para o persoal técnico e a cidadanía en xeral (por exemplo, un formulario na páxina web ou un enderezo electrónico).</p>
Indicadores de seguimento e avaliación	
Indicadores de proceso	Indicadores de resultado
<ul style="list-style-type: none"> • Número de persoas que se prevé que participen nas accións de coordinación interdepartamental (desagregado por sexo, idade, departamento municipal, etc.). • Número de reunións previstas en materia de coordinación interdepartamental e avaliación do traballo realizado. • Número de accións que se prevén desenvolver coa rede de colaboración interdepartamental. • Canles de comunicación entre os diferentes departamentos e cidadanía que se prevén habilitar. 	<ul style="list-style-type: none"> • Número de persoas participantes nas accións de coordinación interdepartamental (desagregado por sexo, idade, departamento municipal, etc.). • Número de reunións realizadas en materia de coordinación e avaliación. • Número de accións desenvolvidas coa rede de colaboración interdepartamental. • Canles de comunicación entre os diferentes departamentos e cidadanía habilitados. • Nivel de participación na achega de suxestión e propostas (desagregado por áreas municipais e cidadanía).

LIÑA ESTRATÉXICA 1		GOBERNO MUNICIPAL			
OBXECTIVO XERAL		Incorporar o principio de igualdade entre mulleres e homes nas políticas municipais.			
Obxectivo específico	OE 1.2.	Promover o desenvolvemento, coordinación e avaliación do II Plan de igualdade			
CÓD.	MEDIDA	Difusión do II Plan de igualdade entre o persoal técnico do Concello e a cidadanía.			
OE 1.2.2.					
Descrición		Dar a coñecer o II Plan de igualdade entre o persoal técnico e político municipal e a cidadanía.			
Tipo de medida		Comunicación e difusión			
Xustificación		Unha das debilidades detectadas ten que ver coa percepción xeneralizada por parte do persoal técnico municipal de que o I Plan de igualdade era un plan dos Servizos Sociais, e non un marco de política pública para o conxunto das áreas, o que estancou a potencialidade da transversalidade do Plan. De aí a importancia de, ademais de articular a participación do persoal técnico das diferentes áreas municipais para o impulso e coordinación do II Plan de igualdade, manter informado o conxunto do persoal para sensibilizalo e conseguir a súa participación activa.			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		Todas as áreas e/ou departamentos implicados no desenvolvemento do II Plan			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica	<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	<input type="checkbox"/> Puntual	
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. D.I. (Desenvolvemento interno) B. D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas destinatarias		Ámbito interno e externo (persoal técnico e político municipal e cidadanía)			
Accións específicas		A continuación recóllese dúas accións específicas para facilitar a difusión interna do II Plan de igualdade entre o persoal técnico do Concello e a cidadanía: A. Difusión con carácter continuo das accións que se van a implementar, tanto a nivel interno como entre a poboación xeral. B. Envío de material informativo das accións realizadas ás distintas áreas e/ou departamentos do Concello con implicación no desenvolvemento do Plan para informar sobre os resultados da execución e dinamizar os compromisos.			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Número e tipo de accións de difusión previstas. Número previsto de áreas municipais participantes nas accións de difusión. Tipo de material informativo das accións realizadas que se prevé difundir entre as distintas áreas e/ou departamentos. 			<ul style="list-style-type: none"> Número, tipo de accións de difusión realizadas e medios empregados. Número de áreas municipais participantes nas accións de difusión. Tipo de material informativo das accións realizadas difundido entre as distintas áreas e/ou departamentos. 		

LIÑA ESTRATÉXICA 1		GOBERNO MUNICIPAL			
OBXECTIVO XERAL		Incorporar o principio de igualdade entre mulleres e homes nas políticas municipais.			
Obxectivo específico	OE 1.2.	Promover o desenvolvemento, coordinación e avaliación do II Plan de igualdade			
CÓD.	MEDIDA	Establecemento do proceso de seguimento e avaliación do II Plan.			
OE 1.2.3.					
Descrición		A medida consiste en establecer e acordar cos departamentos e/ou áreas implicadas o procedemento, os instrumentos e as tarefas que van permitir facer un seguimento continuo ás medidas de actuación que son implementadas, e avalialas. Isto favorecerá o establecemento dun liderado, impulsado polos Servizos Sociais e Igualdade, pero compartido e en colaboración co resto de áreas e/ou departamentos municipais. A medida poderá concretarse, por exemplo, no deseño dunha ficha, na realización de reunións periódicas para avaliar o traballo realizado, ou na elaboración de informes anuais de seguimento, ou aplicando calquera outra actuación que se considere oportuna e cumpra a finalidade de realizar o seguimento e avaliación das medidas do Plan.			
Tipo de medida		Seguimento e avaliación			
Xustificación		<p>Unha das debilidades identificadas durante os traballos de diagnose, foi a falta de seguimento do I Plan. Para o seguimento e avaliación deste I Plan, crearase especificamente unha plataforma que facilitase a compilación de información e indicadores das accións realizadas. Durante os primeiros anos esta ferramenta foise nutrido de datos que o propio persoal técnico dalgunhas áreas municipais ía achegando, pero en calquera caso o seguimento a través desta ferramenta foi limitado, pois só se chegou a cumprimentar un número reducido de fichas de seguimento dalgunhas actividades realizadas.</p> <p>De aí a necesidade de impulsar novamente accións para avaliar o traballo realizado polo concello en materia de igualdade e de convocar reunións periódicas co mesmo obxectivo, e que sirvan así mesmo, para darlle impulso ás medidas do Plan e para o desenvolvemento dos seus obxectivos. Isto permitirá realizar un exercicio de retroalimentación do traballo realizado en cada un dos departamentos, unha aprendizaxe continua, e que o Plan gañe peso como documento estratéxico.</p>			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		Todas as áreas e/ou departamentos implicados no desenvolvemento do Plan			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica	<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	<input type="checkbox"/> Puntual	
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. D.I. (Desenvolvemento interno) B. D.I. (Desenvolvemento interno) C. D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas destinatarias		Ámbito interno (persoal técnico e político municipal)			
Accións específicas		<p>A continuación recóllense accións específicas para facilitar o desenvolvemento da medida e con iso dar cumprimento ao obxectivo específico:</p> <p>A. Deseño dunha ficha para o seguimento e avaliación das medidas de actuación, acordando coas áreas e/ou departamentos implicados no desenvolvemento do Plan os criterios e pautas comúns sobre o que se quere medir (ademais dos indicadores recollidos no documento do Plan, aspectos cualitativos e cuantitativos) e cal é a forma máis axeitada e sinxela de facelo. <i>Esta acción está relacionada coa medida 1.1.1.</i></p> <p>B. Organización de reunións periódicas coas que, ademais de darlle impulso e coordinar o II Plan, realizar unha avaliación continua e de carácter participativa do traballo realizado. <i>Esta acción está relacionada coa medida 1.2.1.</i></p> <p>C. Elaboración dun informe anual de seguimento do II Plan de Igualdade no que se dea conta dos indicadores, se faga unha valoración global das medidas, e se</p>			

recollan outras propostas concretas para o seu desenvolvemento. **Esta acción está relacionada coa medida 1.1.1.**

Indicadores de seguimento e avaliación

Indicadores de proceso	Indicadores de resultado
<ul style="list-style-type: none"> • Número de áreas e/ou departamentos municipais coas que se prevé acordar os criterios comúns sobre o que se quere medir. • Tipo de ferramenta deseñada para o seguimento e avaliación das medidas do Plan. • Número de reunións periódicas de avaliación. • Número de áreas e/ou departamentos municipais que se prevé colaboren na elaboración do informe anual de seguimento do II Plan. • Accións de difusión previstas do informe anual. 	<ul style="list-style-type: none"> • Número de áreas e/ou departamentos municipais coas que se acordaron os criterios comúns para a avaliación das medidas. • Ferramenta deseñada para o seguimento e avaliación (si / non). • Grao de emprego da ferramenta para o seguimento das medidas de actuación. • Número de reunións de avaliación realizadas. • Realización dun informe anual de seguimento do II Plan (si / non). • Áreas e/ou departamentos municipais que colaboraron na elaboración do informe anual de seguimento do II Plan. • Difusión do informe anual (si / non). • Tipo de accións de difusión do informe anual realizadas.

OE 1.3. REFORZAR A COMUNICACIÓN DAS POLÍTICAS DE IGUALDADE PARA POÑER EN VALOR O COMPROMISO DO CONCELLO COA IGUALDADE

MEDIDAS

OE 1.3.1. Difusión e emprego da **imaxe de marca das políticas de igualdade**.

OE 1.3.2. **Revisión e potenciación** das estratexias de comunicación empregadas.

LIÑA ESTRATÉXICA 1		GOBERNO MUNICIPAL			
OBXECTIVO XERAL		Incorporar o principio de igualdade entre mulleres e homes nas políticas municipais.			
Obxectivo específico	OE 1.3.	Reforzar a comunicación das políticas de igualdade para poñer en valor o compromiso do Concello coa igualdade.			
CÓD.	MEDIDA	Difusión e emprego da imaxe de marca das políticas de igualdade.			
OE 1.3.1.					
Descrición		Establecemento dunha marca distintiva das políticas de igualdade para ser empregada e difundida por todas as áreas municipais do Concello de Oleiros. Búscase crear unha identidade que vaia máis aló do propio Plan, que visibilice o Concello como unha institución que vela polo fomento da igualdade de xénero.			
Tipo de medida		Comunicación e difusión			
Xustificación		A través da información achegada nos procesos participativos da diagnose, recóllense propostas sobre a relevancia da creación dalgún tipo de marca distintiva das políticas de igualdade a nivel municipal, co obxectivo de identificar e visibilizar todas as accións que se enmarquen dentro do II Plan de igualdade. Así como, darlle espazo de recoñecemento a todas aquelas actividades e procesos que teñan en conta a transversalidade de xénero e a interseccionalidade. Isto é, a creación dunha imaxe que vaia máis aló do propio Plan, involucrando a todos os departamentos municipais como axentes que velan polo fomento da igualdade de xénero, asumindo a loitas contra as violencias machistas e a aposta pola igualdade das persoas como principios transversais a todas as áreas municipais.			
Departamento responsable		Comunicación			
Departamentos colaboradores		Todas as áreas e/ou departamentos			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. D.I. (Desenvolvemento interno) B. D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas destinatarias		Ámbito interno (persoal técnico e político municipal)			
Accións específicas		Para o desenvolvemento da medida, a continuación recóllense dúas accións específicas: A. Difusión do distintivo “Porta Violeta” entre as diferentes áreas e/ou departamentos, dando as pautas para a utilización nos diferentes soportes e estratexias de comunicación. B. Emprego do distintivo “Porta Violeta” para identificar todas as medidas realizadas no marco do II Plan de Igualdade e as políticas de igualdade municipais.			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Áreas e/ou departamentos aos que se prevé distribuír o distintivo. Soportes e estratexias de comunicación nas que se prevé incluír o distintivo (ou logotipo). Áreas e/ou departamentos que se prevé empreguen o distintivo (ou logotipo). 			<ul style="list-style-type: none"> Áreas e/ou departamentos aos que se distribuíu o distintivo. Tipo de soportes e estratexias de comunicación nas que se inclúe o distintivo (ou logotipo). Número e porcentaxe de áreas e ou/ departamentos que empregaron o distintivo (ou logotipo). 		

LIÑA ESTRATÉXICA 1		GOBERNO MUNICIPAL			
OBXECTIVO XERAL		Incorporar o principio de igualdade entre mulleres e homes nas políticas municipais.			
Obxectivo específico	OE 1.3.	Reforzar a comunicación das políticas de igualdade para poñer en valor o compromiso do Concello coa igualdade.			
CÓD.	MEDIDA	Revisión e potenciación das estratexias de comunicación empregadas.			
OE 1.3.2.					
Descrición		Facer visible o compromiso do Concello de Oleiros na loita pola igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o seu papel activo na erradicación da violencia de xénero e demais violencias machistas. Así como, a súa implicación a longo prazo para converter ao municipio libre e igualitario para todas as persoas.			
Tipo de medida		Sensibilización, Comunicación e difusión			
Xustificación		<p>A comunicación das políticas de igualdade ten dous obxectivos fundamentais. Primeiro, sensibilizar á poboación e ás persoas traballadoras do Concello mostrando o compromiso que ten a Administración local coa igualdade e na loita contra a violencia de xénero, para favorecer que as persoas traballadoras asuman a igualdade de xénero como un valor transversal do traballo da Administración e, por tanto, propio. Segundo, sensibilizar e dar a coñecer á poboación os recursos e servizos que en materia de igualdade e violencia de xénero e violencias machistas teñen á súa disposición.</p> <p>Se ben as achegas aos procesos participativos sinalan que a comunicación das políticas de igualdade e a visibilidade do I Plan foi unha das fortalezas, especialmente pola súa presenza nas redes sociais e na prensa, tamén se sinalaron aspectos de mellora tendentes á reforzar as estratexias de comunicación.</p>			
Departamento responsable		Comunicación			
Departamentos colaboradores		Todas as áreas e/ou departamentos			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	<input type="checkbox"/> Puntual
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. D.I. (Desenvolvemento interno) B. D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas destinatarias		Ámbito interno (persoal técnico e político municipal)			
Accións específicas		<p>A continuación recóllense tres accións específicas referidas ás estratexias de comunicación:</p> <p>A. Revisión, reorganización e actualización dos contidos da páxina web en materia de igualdade da Concellería de Servizos Sociais e Igualdade.</p> <p>B. Difusión e comunicación da información vencellada ao II Plan nos medios locais, páxina web e RR.SS., co obxectivo de darlle visibilidade ás accións realizadas polas diferentes áreas e/ou departamentos municipais en materia de igualdade. <i>Esta acción está relacionada coa medida 1.3.1.</i></p>			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Tipo de accións de difusión e comunicación da información vencellada ao Plan nos medios locais que se prevé realizar. Número e tipo de accións de difusión previstas en relación ás medidas do Plan. Áreas e/ou departamentos que se prevé participen nas accións de comunicación e difusión. 			<ul style="list-style-type: none"> Revisión, reorganización e actualización dos contidos da páxina web (si / non). Número e tipo de accións de difusión e comunicación realizadas en relación ao Plan. Número de áreas e/ou departamentos participantes nas accións de comunicación e difusión. 		

LIÑA ESTRATÉXICA | 2

PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES

Obxectivo xeral	
PROMOVER UNHA MAIOR IMPLICACIÓN DO CONXUNTO DA CIDADANÍA PARA ACADAR UNHA SOCIEDADE MÁIS XUSTA E IGUALITARIA E CONTRIBUÍR A UNHA MAIOR PARTICIPACIÓN DA MULLER EN TODOS OS ÁMBITOS DA VIDA PÚBLICA.	
Obxectivos específicos (OE)	OE 2.1. Fomentar a autonomía económica e unha maior participación das mulleres no mercado laboral.
	OE 2.2. Continuar impulsando a coeducación de forma integral para a transmisión de valores e actitudes igualitarias, de bo trato e de respecto á diversidade, contando coa participación e a implicación de toda a comunidade educativa.
	OE 2.3. Fomentar a práctica deportiva das mulleres de todas as idades para promover un estilo de vida activo para a saúde e o benestar persoal.
	OE 2.4. Impulsar a integración da perspectiva de xénero e a igualdade de oportunidades nos clubs e asociacións deportivas.
	OE 2.5. Impulsar unha maior participación do tecido asociativo na promoción dos valores da igualdade.
	OE 2.6. Fomentar a igualdade de xénero a través da sensibilización social e do ámbito cultural.
	OE 2.7. Fomentar a igualdade entre mozos e mozas e apoiar aos colectivos LGBTIQ+ nas Casas da Mocidade municipais.

PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES

OBXECTIVO XERAL

Promover unha maior implicación do conxunto da cidadanía para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria e contribuír a unha maior participación da muller en todos os ámbitos da vida pública.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

MEDIDAS

<p>OE 2.1. Fomentar unha maior participación das mulleres no mercado laboral.</p>	<p>OE 2.1.1. Facilitar os procesos de homologación e validación dos títulos de estudos de sistemas educativos estranxeiros das mulleres inmigrantes residentes no Concello.</p>
<p>OE 2.2. Continuar impulsando a coeducación de forma integral para a transmisión de valores e actitudes igualitarias, de bo trato e de respecto á diversidade, contando coa participación e a implicación de toda a comunidade educativa.</p>	<p>OE 2.2.1. Programación de actividades de educación en valores e de fomento da igualdade dirixidos ao alumnado de educación primaria e secundaria obrigatoria.</p>
	<p>OE 2.2.2. Realización de accións formativas, e outras iniciativas en materia coeducativa, dirixidas ao profesorado dos centros de ensino das diferentes etapas educativas e ás familias.</p>
	<p>OE 2.2.3. Creación dun "Glosario" con conceptos e temas clave para a incorporación da perspectiva de xénero nos programas formativos.</p>
	<p>OE 2.2.4. Desenvolver propostas de mellora para a incorporación dos valores da igualdade e a diversidade de maneira transversal no conxunto dos programas educativos municipais.</p>
	<p>OE 2.2.5. Deseño dunha campaña para estimular unha maior participación das nais e pais do alumnado nas asociacións educativas e nas actividades que promoven.</p>
	<p>OE 2.2.6. Continuidade dos proxectos interxeracionais que favorezan o intercambio de coñecementos e experiencias desde unha perspectiva de xénero e visibilicen o papel das mulleres da contorna (valores culturais e prácticas tradicionalmente asociadas ás mulleres).</p>
<p>OE 2.3. Fomentar a práctica deportiva das mulleres de todas as idades para promover un estilo de vida activo para a saúde e o benestar persoal.</p>	<p>OE 2.3.1 Mantemento e ampliación da oferta deportiva anual desde unha perspectiva de xénero, e das instalacións deportivas municipais.</p>
	<p>OE 2.3.2 Realización de accións de sensibilización dirixidas a romper cos estereotipos de xénero dentro da práctica deportiva.</p>
	<p>OE 2.3.3 Estudo da participación oleirense nas actividades físico-deportivas e o seu impacto sobre a saúde desde unha perspectiva de xénero.</p>
<p>OE 2.4. Impulsar a integración da perspectiva de xénero e a igualdade de oportunidades nos clubs e asociacións deportivas.</p>	<p>OE 2.4.1 Realización de accións dirixidas ao persoal das directivas dos clubs para reducir a segregación vertical nos seus órganos directivos e a incorporación da perspectiva de xénero na súa actividade dun xeito integral.</p>
<p>OE 2.5. Impulsar unha maior participación do tecido asociativo na promoción dos valores da igualdade.</p>	<p>OE 2.5.1 Posta en marcha de accións dirixidas a promover que as asociacións (culturais, comisións de festas, ANPA, e veciñais) incorporen a perspectiva de xénero e teñan entre as súas actividades a promoción da igualdade.</p>
<p>OE 2.6. Fomentar a igualdade de xénero a través da sensibilización social e do ámbito cultural.</p>	<p>OE 2.6.1. Organización de campañas anuais de sensibilización social para a conmemoración de datas significativas, dando unha ampla difusión ás actividades ou aos actos simbólicos realizados entre a poboación.</p>
	<p>OE 2.6.2. Desenvolvemento de actividades culturais para promover a igualdade e visibilizar a creación cultural e artística promovida polas mulleres.</p>

OE 2.7. Fomentar a igualdade entre mozos e mozas e apoiar aos colectivos LGBTQ+ nas Casas da Mocidade municipais.

OE 2.7.1 Programación de actividades formativas e de sensibilización para fomentar a igualdade entre mozas e mozos nas Casas da Mocidade

OE 2.1. FOMENTAR A AUTONOMÍA ECONÓMICA E UNHA MAIOR PARTICIPACIÓN DAS MULLERES NO MERCADO LABORAL

MEDIDAS

OE 2.1.1. Facilitar os **procesos de homologación e validación dos títulos de estudos** de sistemas educativos estranxeiros das mulleres inmigrantes residentes no Concello.

LIÑA ESTRATÉXICA 2		PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES			
OBXECTIVO ESTRATÉXICO		Promover unha maior implicación do conxunto da cidadanía para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria e contribuír a unha maior participación da muller en todos os ámbitos da vida pública.			
Obxectivo específico	OE 2.1.	Fomentar a autonomía económica e unha maior participación das mulleres no mercado laboral.			
CÓD.	MEDIDA	Facilitar os procesos de homologación e validación dos títulos de estudos de sistemas educativos estranxeiros das mulleres inmigrantes residentes no Concello.			
OE 2.1.1.					
Descrición		Esta medida vai dirixida a incentivar a homologación de títulos formativos expedidos no estranxeiro entre as mulleres inmigrantes para facilitar a súa inserción laboral en ocupacións acordes coas súas titulacións de orixe.			
Tipo de medida		Servizos e recursos, sensibilización			
Xustificación		Nos procesos de participación sinalouse a necesidade de establecer medidas para facilitar e incentivar a homologación de títulos académicos e formativos entre as mulleres inmigrantes. Moitas delas non homologan os títulos e/ou tardan moito tempo en comezar cos trámites para facelo, o que resulta problemático xa que o tempo medio de espera para a resolución definitiva é de ano e medio. Isto orixina que moitas mulleres inmigrantes con títulos superiores ou universitarios rematen traballando na limpeza ou no servizo doméstico, reforzando unha vez máis as prácticas de segregación horizontal do mercado laboral. É por isto que cómpre estimular a intervención conxunta dos Servizos Sociais e o departamento de Emprego mediante a colaboración interdepartamental.			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		Departamento de Formación e Emprego			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica	<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	<input type="checkbox"/> Puntual	
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento: orzamento de emerxencia e partida de emerxencia social). B. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento: orzamento de emerxencia e partida de emerxencia social).			
Persoas /colectivos destinatarios		Mulleres inmigrantes residentes no Concello			
Accións específicas		Esta medida vincúlase co desenvolvemento de accións dirixidas a: A. Dar prioridade ao traballo de atención e apoio ás mulleres migradas para a homologación da súa formación. B. Impulsar accións de información sobre o proceso de homologación dos títulos.			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Previsión do número de mulleres beneficiarias da medida. 			<ul style="list-style-type: none"> Número de mulleres que recibiron apoio e/ou información para a validación e homologación. Número de títulos validados e homologados. 		

OE 2.2. CONTINUAR IMPULSANDO A COEDUCACIÓN DE FORMA INTEGRAL PARA A TRANSMISIÓN DE VALORES E ACTITUDES IGUALITARIAS, DE BO TRATO E DE RESPECTO Á DIVERSIDADE, CONTANDO COA PARTICIPACIÓN E A IMPLICACIÓN DE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA

MEDIDAS

- OE 2.2.1.** Programación de **actividades de educación en valores e de fomento da igualdade** dirixidos ao alumnado de educación primaria e secundaria obrigatoria.
- OE 2.2.2.** Realización de **accións formativas**, e outras iniciativas en materia coeducativa, **dirixidas ao profesorado dos centros de ensino das diferentes etapas educativas e ás familias**.
- OE 2.2.3.** Creación dun **“Glosario” con conceptos e temas clave para a incorporación da perspectiva de xénero** nos programas formativos.
- OE 2.2.4.** **Desenvolver propostas de mellora para a incorporación dos valores da igualdade e diversidade de maneira transversal** no conxunto dos programas educativos municipais.
- OE 2.2.5.** Deseño dunha campaña para **estimular unha maior participación das nais e pais do alumnado** nas asociacións educativas e nas actividades que promoven.
- OE 2.2.6.** Continuidade dos **proxectos interxeracionais que favorezan o intercambio de coñecementos e experiencias desde unha perspectiva de xénero e visibilicen o papel das mulleres da contorna** (valores culturais e prácticas tradicionalmente asociadas ás mulleres).

LIÑA ESTRATÉXICA 2		PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES			
OBXECTIVO XERAL		Promover unha maior implicación do conxunto da cidadanía para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria e contribuír a unha maior participación da muller en todos os ámbitos da vida pública.			
Obxectivo específico	OE 2.2.	Continuar impulsando a coeducación de forma integral para a transmisión de valores e actitudes igualitarias, de bo trato e de respecto á diversidade, contando coa participación e a implicación de toda a comunidade educativa.			
CÓD.	MEDIDA	Programación de actividades de educación en valores e de fomento da igualdade dirixidos ao alumnado de educación primaria e secundaria obrigatoria.			
OE 2.2.1.					
Descrición		Con esta medida búscase consolidar os programas de educación en valores desenvolto polo Concello.			
Tipo de medida		Sensibilización			
Xustificación		Tal e como se recolle na diagnose realizada para a posta en marcha do II Plan, nos últimos anos consolidouse a coeducación nas actividades educativas municipais dirixidas á infancia e á mocidade. Ademais de accións específicas dirixidas aos centros educativos impulsados desde Ensino e Xuventude a través do programa de actividades complementarias, outros departamentos municipais (Servizos Sociais, Sistema de Bibliotecas Públicas, Normalización Lingüística) tamén desenvolven accións puntuais. Aínda así, mantense a percepción social da necesidade de incidir en maior medida na programación de actividades dirixidas a fomentar a coeducación entre o alumando e as familias, insistindo en cuestións como a corresponsabilidade nos coidados e no fogar; nos modelos de consumos culturais predominantes entre a mocidade; a hipersexualización das rapazas novas; no saber das mulleres e na súa contribución histórica e social; empoderamento e feminismo; masculinidades; na diversidade afectiva –sexual; en pautas para previr e detectar a violencia de xénero; a interculturalidade, etc.			
Departamento responsable		Ensino, Normalización Lingüística e Sistema de Bibliotecas Públicas			
Departamentos colaboradores		Servizos Sociais e Igualdade			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica	<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	<input type="checkbox"/> Puntual	
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. I.O.A.A. (dotación anual para o desenvolvemento de programas de actividades municipais complementarias: 27.087,06 €) B. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento) C. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento) D. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)			
Persoas / colectivos destinatarios		Alumnado, familias e profesorado			
Accións específicas		Accións específicas vencelladas á medida: A. Continuar ofertando, desde a Concellería de Ensino e Xuventude, no marco dos programas de actividades municipais , actividades complementarias de educación en valores dirixidas ao alumnado de educación infantil, primaria, secundaria, e bacharelato, así como desde as casas da xuventude (“Programa de educación para a saúde e a prevención das adiccións”, “Programa de mediación”, “Programa de alimentación saudable”, “Programa de educación para a igualdade de xénero” e o “Programa de educación afectiva e sexual”). B. Continuar realizando actividades lúdicas (contacontos, teatro, actividades de fomento da lectura, etc.), impulsadas polo Sistema de Bibliotecas Públicas, departamento de Cultura e polo Servizo de Normalización Lingüística (no marco do “Programa Apego”), que promovan os valores da igualdade, e dirixidas ao alumnado de educación primaria e secundaria, así como ás idades máis temperás. Estas actividades constitúen unha oportunidade, tanto para o fomento da igualdade a nivel cultural , para evitar a segregación estereotipada das			

	<p>actividades, como para destacar o valor das achegas das mulleres na produción artística e ao mundo do coñecemento.</p> <p>C. Desde o departamento de Ensino e Xuventude, continuar difundido o programa de actividades educativas municipais entre os centros educativos, buscando con iso ampliar o número de centros participantes nas actividades de educación en valores. E para unha maior visibilización do traballo que se fai do Concello e os centros de ensino en materia de igualdade, facér tamén extensible a divulgación ás ANPA.</p> <p>D. Incidir en determinados temas coeducativos nas distintas etapas, especialmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Masculinidades igualitarias (modelos de masculinidade disidentes, cooperativos e corresponsables). Incidir na creación de novos referentes para o alumnado que rachen cos estereotipos de xénero e a división sexual do traballo, vencellando as tarefas domésticas e de coidado á autonomía, independencia, autocoidado, etc.,(fomento do cambio de roles nas tarefas domésticas e de coidado). – Feminismo e empoderamento; – Modelos e consumos culturais predominantes entre a mocidade; – O valor da interculturalidade; – Etc.
--	--

Indicadores de seguimento e avaliación

Indicadores de proceso	Indicadores de resultado
<ul style="list-style-type: none"> • Número e tipo de actividades de educación en valores previstas para os diferentes niveis educativos. • Centros e alumnado que se prevé que participen nas actividades de educación en valores. • Tipo de temáticas que se prevé traballar co alumnado segundo etapas educativas nos programas de actividades municipais complementarias. • Difusión prevista do programa de actividades educativas municipais. • Número e tipo de actividades lúdicas previstas polo Sistema de Bibliotecas Públicas e o Servizo de Normalización Lingüística que promovan os valores da igualdade. • Tipo de difusión das actividades educativas municipais que se prevé realizar. 	<ul style="list-style-type: none"> • Número e tipo de actividades realizadas no marco dos programas de actividades municipais complementarias. • Centros e alumnado participante nos programas de actividades municipais complementarias (desagregado por sexo). • Temáticas traballadas co alumnado participante nos programas de actividades municipais complementarias segundo etapas educativas. • Número e tipo de actividades lúdicas realizadas polo Sistema de Bibliotecas Públicas e o Servizo de Normalización Lingüística que promoven os valores da igualdade. • Número de alumnado participante nas actividades lúdicas realizadas polo Sistema de Bibliotecas Públicas e o Servizo de Normalización Lingüística (desagregado por sexo). • Tipo de difusión das actividades educativas municipais realizada.

LIÑA ESTRATÉXICA 2		PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES			
OBXECTIVO XERAL		Promover unha maior implicación do conxunto da cidadanía para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria e contribuír a unha maior participación da muller en todos os ámbitos da vida pública.			
Obxectivo específico	OE 2.2.	Continuar impulsando a coeducación de forma integral para a transmisión de valores e actitudes igualitarias, de bo trato e de respecto á diversidade contando coa participación e a implicación de toda a comunidade educativa.			
CÓD.	MEDIDA	Realización de accións formativas, e outras iniciativas en materia coeducativa, dirixidas ao profesorado dos centros de ensino das diferentes etapas educativas e ás familias.			
OE 2.2.2.					
Descrición		Con esta medida ampliase o foco de actuación en materia coeducativa ao resto da comunidade educativa, ás familias e ao profesorado, coa finalidade de fomentar o cambio de valores para a adquisición de modelos socioeducativos baseados na igualdade. É importante que as familias e o profesorado sintan a coeducación coma un aspecto importante para a formación, e a poñan en práctica na casa e na escola.			
Tipo de medida		Sensibilización			
Xustificación		<p>Como se recolle na diagnose realizada para a posta en marcha do II Plan, se ben valóranse positivamente as accións de sensibilización que organiza o Concello para as familias, un dos retos identificados ten que ver con seguir apostando por impulsar novas estratexias que partan de dinámicas vivenciais que estimulen a participación das familias e que permitan fomentar entre pais e nais a educación en igualdade das súas fillas e fillos. Incídese, tamén, na necesidade de chegar de forma máis específica ás familias do alumnado dos centros de educación infantil, en que as actividades sexan máis accesibles (diferentes convocatorias en data e horario), e en que se integren contidos relacionados coa diversidade afectiva e sexual e abordaxe da violencia de xénero e outras violencias machistas.</p> <p>No tocante ao profesorado, dado que os programas coeducativos non sempre son priorizados polos centros educativos entre a oferta de actividades complementarias do Concello, segue estando moi latente a necesidade dunha maior concienciación do persoal docente para favorecer unha socialización de xénero máis igualitaria, que rache cos valores e crezas dominantes da cultura patriarcal xénero, que sentan as bases da desigualdade. Por tanto, os centros educativos e o profesorado constitúen un importante instrumento de cambio para socializar nos valores da igualdade e así quebrar as bases da desigualdade. Esta medida está relacionada coa medida 2.3.5.</p>			
Departamento responsable		Ensino, Normalización Lingüística, Sistema de Bibliotecas Públicas			
Departamentos colaboradores		Servizos Sociais e Igualdade			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input checked="" type="checkbox"/> Periódica		<input type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		<p>A. I.O.A.A. (dotación anual para o desenvolvemento de programas de actividades municipais complementarias: 27.087,06 €)</p> <p>B. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)</p> <p>C. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)</p> <p>D. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)</p> <p>E. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)</p> <p>F. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)</p>			
Persoas / colectivos destinatarios		Familias e profesorado dos centros educativos			
Accións específicas		<p>Accións vinculadas á medida:</p> <p>A. Organización desde a Concellería de Ensino e Xuventude de obradoiros coeducativos dirixidos ás familias e ao profesorado para cada etapa educativa (programación conxunta para que as familias e o profesorado poidan compartir experiencias e dialogar sobre as súas contornas).</p> <p>B. Continuidade do programa “Familias inquedas” dos Servizos Sociais e</p>			

	<p>Igualdade. Organización de accións específicas para as familias do alumnado de educación infantil coa finalidade de impulsar novas estratexias que partan de dinámicas vivenciais que estimulen a participación das familias e que permitan fomentar a educación en igualdade das súas fillas e fillos.</p> <p>C. Creación ao longo de 2022 desde Servizos Sociais e Igualdade dun 'banco' de recursos educativos en materia de xénero (manuais, xogos, materiais audiovisuais, contos coeducativos, etc.) a través das bibliotecas ou escolas infantís a disposición das familias (tomándose como referencia a iniciativa das "Maletas viaxeiras").</p> <p>D. Organización ao longo de 2022 desde Servizos Sociais e Igualdade dunha campaña de corresponsabilidade e de xoguetes/xogos non sexistas e non violentos en colaboración do profesorado das escolas infantís, para contribuír ao desenvolvemento de actitudes e comportamentos de cooperación, respecto ás diferencias e relacións de igualdade entre nenas e nenos.</p> <p>E. Ofrecer dun xeito continuado asesoramento aos centros de ensino para o deseño do seu plan de igualdade (ou plan coeducativo), en cumprimento da instrución publicada no ano 2019 para que os centros educativos elaboren o seu propio plan de igualdade. <i>Esta acción está relacionada coa medida 1.1.1.</i></p> <p>F. Identificar boas prácticas coeducativas entre a comunidade educativa do concello para crear coñecemento e divulgalas. <i>Esta acción está relacionada coa medida 1.1.1.</i></p>
Indicadores de seguimento e avaliación	
Indicadores de proceso	Indicadores de resultado
<ul style="list-style-type: none"> Número e tipo de actividades previstas dirixidas ás familias e ao profesorado. Número previsto de participantes (familia e profesorado). Tipo de campaña de corresponsabilidade que se prevé realizar para fomentar a corresponsabilidade e promover os xoguetes e os xogos non sexistas. Tipo de asesoramento aos centros de ensino que se prevé implementar. Metodoloxía que se vai a aplicar para a compilación de boas prácticas coeducativas entre a comunidade educativa e tipo de divulgación que se prevé. 	<ul style="list-style-type: none"> Número e tipo de actividades realizadas dirixidas ás familias e ao profesorado e temáticas traballadas. Número de participantes, familia e profesorado, desagregado por sexo. Realización de campaña de corresponsabilidade (si/non). Asesoramento aos centros de ensino (si/non). Número de consultas realizadas polos centros de ensino. Tipo de campaña e divulgación realizada. Compilación de boas prácticas (si / non). Número e tipo de boas prácticas compiladas. Divulgación realizada das boas prácticas.

LIÑA ESTRATÉXICA 2		PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES			
OBXECTIVO XERAL		Promover unha maior implicación do conxunto da cidadanía para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria e contribuír a unha maior participación da muller en todos os ámbitos da vida pública.			
Obxectivo específico	OE 2.2.	Continuar impulsando a coeducación de forma integral para a transmisión de valores e actitudes igualitarias, de bo trato e de respecto á diversidade contando coa participación e a implicación de toda a comunidade educativa.			
CÓD.	MEDIDA	Creación dun “Glosario” con conceptos e temas clave para a incorporación da perspectiva de xénero nos programas formativos.			
OE 2.2.3.					
Descrición		Con esta ferramenta (en forma de glosario, guía, ou decálogo), destinada ao persoal técnico municipal e ao persoal das empresas provedoras de servizos que interveñan con menores, mulleres e xente moza do municipio, búscase ofrecer pautas, propostas e temas de traballo xerais e específicas que asenten a aplicación dos principios de igualdade no traballo e o enfoque de xénero nas intervencións. Así, pretende ser unha ferramenta de sensibilización e información para concienciar sobre a importancia de cambiar procedementos, de coñecer a realidade, de promover a participación, e para centrar as cuestións e temas específicos que traballar, etc.; e así actúen como axentes de igualdade avanzar no camiño de acadar unha igualdade real. Así, pode ser un material impreso ou nun formato dispoñible para descargar no que se recollan aspectos clave a tratar en materia de igualdade desde todos os ámbitos, especialmente desde o educativo. Esta medida está conectada coa medida 1.1.1.			
Tipo de medida		Sensibilización, comunicación e difusión			
Xustificación		Nos procesos participativos incidíuse na importancia de contar cunha ferramenta con conceptos base e temas clave que empregar como ferramenta de apoio e/ou de punto de partida para as formacións en materia de xénero no ámbito educativo. Isto é, a configuración dunha proposta en torno a temas clave nos que cómpre facer un reforzo formativo no eido educativo en xeral, e desde o profesorado en particular. Non obstante, o dito material tamén se podería extrapolar fóra do ámbito educativo, pudiendo ter difusión entre o tecido empresarial e asociativo, así como entre as diferentes áreas municipais.			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		Comunicación			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input type="checkbox"/> Permanente	
		<input checked="" type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. D.I. (Desenvolvemento interno) B. D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas / colectivos destinatarios		Familias, profesorado, persoal técnico municipal e persoal de empresas de servizos contratadas para a realización de actividades educativas.			
Accións específicas		Accións específicas vinculadas á medida: A. Elaboración e deseño do material en formato dixital. B. Difusión e distribución.			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
• Tipo de material previsto.			• Material elaborado e difusión realizada.		

LIÑA ESTRATÉXICA 2		PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES			
OBXECTIVO XERAL		Promover unha maior implicación do conxunto da cidadanía para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria e contribuír a unha maior participación da muller en todos os ámbitos da vida pública.			
Obxectivo específico	OE 2.2.	Continuar impulsando a coeducación de forma integral para a transmisión de valores e actitudes igualitarias, de bo trato e de respecto á diversidade contando coa participación e a implicación de toda a comunidade educativa.			
CÓD.	MEDIDA	Desenvolver propostas de mellora para a incorporación dos valores da igualdade e a diversidade de maneira transversal no conxunto dos programas educativos municipais.			
OE 2.2.4.					
Descrición		Esta medida está dirixida a impulsar a incorporación de criterios coeducativos no conxunto dos programas educativos municipais que permitan avanzar no modelo coeducativo.			
Tipo de medida		Sensibilización, Coñecemento			
Xustificación		A día de hoxe o fomento da igualdade e a prevención das violencias machistas constitúe un eixo transversal na meirande parte das actividades educativas municipais, pois todas elas teñen como obxectivo xeral promover a igualdade de xénero. Un obxectivo, que en certa medida foi tamén integrado nos centros educativos do concello, que a día de hoxe asumen como propia a oferta educativa municipal. Así pois, nos últimos anos realizouse unha decidida aposta polo tratamento da igualdade e a violencia de xénero nos currículos educativos. Non obstante, na diagnose recóllese como un dos retos nos ámbitos da "educación e cultura", consolidar e potenciar a coeducación como eixo transversal en todas as actividades educativas municipais.			
Departamento responsable		Ensino, Normalización Lingüística, Sistema de Bibliotecas Públicas e Deportes			
Departamentos colaboradores		Servizos Sociais e Igualdade			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. D.I. (Desenvolvemento interno) B. D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas / colectivos destinatarios		Profesorado, centros educativos			
Accións específicas		Accións vencelladas á medida: A. Promover que as actividades incorporen a perspectiva de xénero e a visibilidade da diversidade entre os obxectivos, contidos e criterios para a valoración dos proxectos de actividades educativas municipais. B. Garantir que as actividades se avalíen e/ou xustifiquen empregando indicadores de igualdade.			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Número e tipo de actividades nas que se prevé que se inclúa a perspectiva de xénero e a visibilidade da diversidade. Número e tipo de programas educativos municipais nos que se prevé que se avalíen ou xustifiquen empregando indicadores de igualdade. Tipo de indicadores propostos para medir a perspectiva de xénero e nas accións que se vaian realizar. 			<ul style="list-style-type: none"> Número de actividades realizadas no ámbito educativo nas que se inclúe a perspectiva de xénero e visibilidade da diversidade. Número e tipo de programas educativos municipais que se avalían/xustifican empregando indicadores de igualdade. Número e tipo de indicadores empregados para medir a perspectiva de xénero e a presenza da diversidade nas accións realizadas. 		

LIÑA ESTRATÉXICA 2		PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES			
OBXECTIVO XERAL		Promover unha maior implicación do conxunto da cidadanía para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria e contribuír a unha maior participación da muller en todos os ámbitos da vida pública.			
Obxectivo específico	OE 2.2.	Continuar impulsando a coeducación de forma integral para a transmisión de valores e actitudes igualitarias, de bo trato e de respecto á diversidade contando coa participación e a implicación de toda a comunidade educativa.			
CÓD.	MEDIDA	Deseño dunha campaña para estimular unha maior participación das nais e pais do alumnado nas asociacións educativas e nas actividades que promoven.			
OE 2.2.5.					
Descrición		Con esta medida preténdese promover unha maior implicación e participación das nais e pais nas ANPA coa finalidade de contribuír á viabilidade dos seus proxectos. Así mesmo, as ANPA, ademais de supoñer unha relevante colaboración no desenvolvemento de accións educativas, así como de apoio ás familias e ao alumnado, constitúen un “axente” a través do que fomentar os valores da igualdade nas familias e así amplificar a filosofía coeducadora.			
Tipo de medida		Sensibilización, Comunicación e difusión			
Xustificación		Tal e como se recolle na diagnose, desde as propias ANPA apúntase a necesidade de seguir traballando conxuntamente co Concello para o fomento da educación en igualdade nas actividades extraescolares, na formación activa das familias en temas de igualdade e educación afectivo-sexual, ou na colaboración en campañas de sensibilización que estimulen o asociacionismo das familias (dada a baixa participación e asociacionismo das familias nas ANPA do concello). A familia constitúe o primeiro ámbito da socialización das persoas e desde o que a miúdo os roles e as tarefas de nais e pais están moi diferenciadas e se naturalizan mensaxes estereotipados. De aí que as ANPA constitúan un espazo a través do que fomentar os valores da igualdade nas familias e así amplificar a filosofía coeducadora. <i>Esta medida está relacionada coa medida 2.3.2.</i>			
Departamento responsable		Ensino			
Departamentos colaboradores		Servizos Sociais e Igualdade			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. D.I. (Desenvolvemento interno) B. D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas / colectivos destinatarios		Familias, as ANPA			
Accións específicas		Accións vencelladas á medida: A. Apoio nas estratexias de comunicación das ANPA. B. Asesoramento continuado en materia de igualdade ás ANPA e para o deseño de actividades con perspectiva de xénero. <i>Esta acción está conectada coa medida 1.1.1.</i>			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Tipo de apoio previsto e estratexias de comunicación. Tipo de asesoramento que se prevé soliciten as ANPA. 			<ul style="list-style-type: none"> Apoio proporcionado (si/non). Tipo de apoio proporcionado nas estratexias de comunicación. Asesoramento (si/non). Número de consultas realizadas por parte das ANPA en materia de xénero. 		

LIÑA ESTRATÉXICA 2		PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES			
OBXECTIVO XERAL		Promover unha maior implicación do conxunto da cidadanía para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria e contribuír a unha maior participación da muller en todos os ámbitos da vida pública.			
Obxectivo específico	OE 2.2.	Continuar impulsando a coeducación de forma integral para a transmisión de valores e actitudes igualitarias, de bo trato e de respecto á diversidade contando coa participación e a implicación de toda a comunidade educativa.			
CÓD.	MEDIDA	Continuidade dos proxectos interxeracionais que favorezan o intercambio de coñecementos e experiencias desde unha perspectiva de xénero e visibilicen o papel das mulleres da contorna (valores culturais e prácticas tradicionalmente asociadas ás mulleres).			
OE 2.2.6.					
Descrición		Con esta medida preténdese dar continuidade a proxectos na liña de 'Oleiros na memoria' nos que se poña énfase na creación de vínculos interxeracionais desde unha perspectiva de xénero, é dicir, pór en valor as narrativas de vida e experiencias na poboación máis maior do municipio, especialmente as traxectorias vitais das mulleres maiores do Concello, co obxectivo de darlle visibilidade e valor como parte do motor de desenvolvemento local.			
Tipo de medida		Sensibilización			
Xustificación		O Concello desenvolve diversas actividades e iniciativas dirixidas ás diferentes xeracións, é dicir, desde unha perspectiva interxeracional. Isto é un aspecto positivo pois fomenta o diálogo entre os diferentes grupos de idade e as diferentes xeracións dentro do municipio. Así por exemplo, 'Oleiros na memoria', é unha das iniciativas onde as persoas máis maiores relatan as súas vivencias a través do tempo e as imaxes. Nesta iniciativa, na que se incorpora tamén a perspectiva de xénero, mulleres participantes explican aos nenos e nenas dos CEIP como era o papel das mulleres nos distintos traballos e profesións, as súas historias de vida, etc. Seguindo a mesma liña cómpre seguir visibilizando as experiencias e traxectorias vitais da poboación maior en xeral, e das mulleres do municipio en particular, onde se poña en valor as vivencias e actividades realizadas toda unha vida como piar para o desenvolvemento do municipio, xa que as actividades reprodutivas desempeñadas por mulleres tenden a estar máis invisibilizadas. Así mesmo, este tipo de iniciativas poden ser unha oportunidade para reflexionar sobre a importancia das avoas e avós na educación das netas e netos, e do seu papel na socialización familiar, na transmisión de valores.			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		Sistema de Bibliotecas Públicas			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input checked="" type="checkbox"/> Periódica		<input type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento. Partida consolidada, englobada en Envellecemento Activo)			
Persoas / colectivos destinatarios		Alumnado, persoas maiores, e poboación en xeral			
Accións específicas		Accións de continuidade			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Número e tipo de actividades que se prevé realizar. Número previsto de centros participantes. Número de persoas que se prevé participen (desagregado por sexo) 			<ul style="list-style-type: none"> Número e tipo de actividades realizadas. Número de centros participantes. Número de persoas participantes (desagregado por sexo, idade, etc.). 		

OE 2.3. FOMENTAR A PRÁCTICA DEPORTIVA DAS MULLERES DE TODAS AS IDADES PARA PROMOVER UN ESTILO DE VIDA ACTIVO PARA A SAÚDE E O BENESTAR PERSOAL

MEDIDAS

- OE 2.3.1.** Mantemento e ampliación da oferta deportiva anual desde unha perspectiva de xénero, e das instalacións deportivas municipais.
- OE 2.3.2.** Realización de accións de sensibilización dirixidas a romper os estereotipos de xénero dentro da práctica deportiva.
- OE 2.3.3.** Estudo da participación oleirense nas actividades físico-deportivas e o seu impacto sobre a saúde desde unha perspectiva de xénero.

LIÑA ESTRATÉXICA 2		PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES			
OBXECTIVO XERAL		Promover unha maior implicación do conxunto da cidadanía para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria e contribuír a unha maior participación da muller en todos os ámbitos da vida pública.			
Obxectivo específico	OE 2.3.	Fomentar a práctica deportiva das mulleres de todas as idades para promover un estilo de vida activo para a saúde e o benestar persoal.			
CÓD.	MEDIDA	Mantemento e ampliación da oferta deportiva anual desde unha perspectiva de xénero, e das instalacións deportivas municipais.			
OE 2.3.1.					
Descrición		Esta medida está dirixida a manter e ampliar os avances acadados no fomento dunha participación máis equilibrada de mulleres e homes para reducir a fenda de xénero existente, así como na incorporación da perspectiva de xénero no conxunto da programación deportiva municipal.			
Tipo de medida		Sensibilización, comunicación e difusión, coñecemento.			
Xustificación		Nos traballos de diagnose sinálase que o labor desenvolvido no eido do deporte para fomentar unha participación máis equilibrada de mulleres e homes, son valoradas positivamente, tanto desde a Administración pública como por parte da cidadanía oleirense. Se ben, existe a percepción social da necesidade de seguir incidindo na sensibilización de xénero dentro da práctica deportiva municipal, na oferta deportiva desde unha perspectiva de xénero, así como das instalacións deportivas municipais.			
Departamento responsable		Deportes			
Departamentos colaboradores		-			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica	<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	<input type="checkbox"/> Puntual	
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. I.O.A.A. (dotación económica total anual de varios programas que teñen transversalidade de xénero como eixo transversal 40.000€). B. D.I. C. D.I.			
Persoas / colectivos destinatarios		Mulleres			
Accións específicas		Accións vencelladas á medida: A. Creación dunha programación anual coa oferta deportiva que facilite a práctica deportiva das mulleres de todas as idades. B. Promoción da práctica deportiva dirixida ás mulleres a través da publicitación da oferta deportiva, de forma que lles resulte atractiva para as mulleres (páxina web, "Vivir en Oleiros", pósters, carteis ou folletos para a promoción das actividades), incluíndo imaxes de mulleres fisicamente activas coas que as mulleres de diferentes idades poidan identificarse, e destacando o aspecto social das actividades deportivas como un espazo de encontro coas amizades, para coñecer xente, para a diversión etc. C. Compilación de datos estatísticos desagregados por sexo e idade para analizar a participación das mulleres e homes nas instalacións e complexos deportivos, segundo a oferta de actividades.			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Número e tipo de actividades previstas para a promoción e divulgación da práctica deportiva dirixida ás mulleres. Actividades, instalacións, e complexos deportivos nos que se prevé compilar datos desagregados por sexo e idade para analizar a participación. 			<ul style="list-style-type: none"> Programación anual coa oferta deportiva (si / non). Número e tipo de actividades realizadas para a promoción e divulgación da práctica deportiva dirixida ás mulleres. Compilación de datos estatísticos desagregados por sexo e idade (si / non). 		

LIÑA ESTRATÉXICA 2		PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES			
OBXECTIVO XERAL		Promover unha maior implicación do conxunto da cidadanía para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria e contribuír a unha maior participación da muller en todos os ámbitos da vida pública.			
Obxectivo específico	OE 2.3.	Fomentar a práctica deportiva das mulleres de todas as idades para promover un estilo de vida activo para a saúde e o benestar persoal.			
CÓD.	MEDIDA	Realización de accións de sensibilización dirixidas a romper cos estereotipos de xénero dentro da práctica deportiva.			
OE 2.3.2.					
Descrición		Esta medida está dirixida a continuar coa deconstrución dos estereotipos que teñen lugar dentro da práctica deportiva co obxectivo de evitar a masculinización e feminización das actividades, así como o abandono na práctica deportiva das rapazas durante a adolescencia.			
Tipo de medida		Sensibilización, comunicación e difusión			
Xustificación		No entorno familiar e comunitario seguen persistindo os patróns clásicos e estereotipados de participación nas diferentes áreas deportivas, o que ten que ver coa visión nesgada e errónea dos roles femininos e masculinos. Isto fai que persistan actividades deportivas masculinizadas e feminizadas. Así, segundo se desprende da diagnose, é preciso seguir traballando na deconstrución de determinados estereotipos que dan lugar a desigualdades de xénero e que seguen estando presentes. Sinálase, por exemplo: o abandono da práctica deportiva entre as adolescentes, a falta de mulleres nas directivas dos clubs deportivos, ou a persistencia de actividades deportivas masculinizadas e feminizadas, entre outras. Polo que, favorecer o incremento e a práctica deportiva das nenas e mulleres nos distintos ámbitos, contribuíndo con isto a eliminar elementos de desigualdade, e favorecer a súa incorporación aos órganos directivos das organizacións deportivas, destacan como algunhas das cuestións prioritarias de cara a evitar a segregación estereotipada na práctica deportiva.			
Departamento responsable		Deportes			
Departamentos colaboradores		Servizos Sociais e Igualdade; Comunicación; Radio Oleiros			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. D.I. B. D.I. C. D.I. D. D.I. E. D.I. F. D.I.			
Persoas / colectivos destinatarios		Nenas e nenos, mocidade, familias e asociacións e clubs deportivos			
Accións específicas		Accións vinculadas á medida: A. Actividades de divulgación dirixidas a nais, pais, profesorado e clubs deportivos, focalizadas en rachar cos roles e estereotipos tradicionais na práctica deportiva (como por exemplo, charlas con deportistas, elaboración dun decálogo de promoción dos valores da igualdade no deporte, etc.). B. No marco do programa de actividades deportivas para os centros de ensino, accións divulgativas dirixidas a nenos e nenas e adolescentes para visibilizar a homes en prácticas deportivas tradicionalmente feminizadas (danza moderna, ballet, natación sincronizada, patinaxe artístico, etc.) e viceversa (rugby, fútbol, skater, etc.). C. Reforzar as campañas de apoio e de visibilización das equipas deportivas de mulleres en disciplinas tradicionalmente masculinizadas e os torneos que se celebren no Concello.			

	<p>D. Acci3ns de fomento da creaci3n de equipas mixtas.</p> <p>E. Impulso de acci3ns informativas dirixidas aos clubs deportivos para a prevenci3n e actuaci3n fronte ao abandono da pr3ctica deportiva entre as adolescentes.</p> <p>F. Continuidade das actividades deportivas municipais dirixidas especificamente a previr o abandono da pr3ctica deportiva por parte das mulleres na adolescencia.</p>
Indicadores de seguimento e avaliaci3n	
Indicadores de proceso	Indicadores de resultado
<ul style="list-style-type: none"> • Tipo de actividades de divulgaci3n dirixidas a nais, pais, familias, profesorado e clubs deportivos para rachar cos roles e estereotipos de x3nero na pr3ctica deportiva. • Tipo de acci3ns divulgativas das actividades deportivas dirixidas a nenos e nenas e adolescentes para visibilizar a homes en pr3cticas deportivas tradicionalmente feminizadas (danza moderna, ballet, nataci3n sincronizada, patinaxe artstica, etc.) e viceversa. • Tipo de acci3ns de reforzo previstas para a visibilizaci3n das equipas deportivas de mulleres e torneos en disciplinas tradicionalmente masculinizadas. • Tipo de acci3ns previstas de fomento da creaci3n de equipas mixtas. • Tipo de acci3ns informativas previstas dirixidas aos clubs deportivos para a prevenci3n e actuaci3n fronte ao abandono da pr3ctica deportiva entre as adolescentes. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realizaci3n de actividades de divulgaci3n (si / non). • Tipo de actividades de divulgaci3n realizadas e p3blico obxectivo. • Acci3ns de reforzo para a visibilizaci3n das equipas deportivas de mulleres e os torneos (si / non). • Tipo de acci3ns realizadas de reforzo para a visibilizaci3n das equipas deportivas de mulleres e os torneos. • N3mero de programas de intervenci3n realizados fronte ao abandono da pr3ctica deportivas. • Acci3ns de fomento da creaci3n de equipas mixtas (si / non). • Tipo de acci3ns de fomento da creaci3n de equipas mixtas realizadas. • Acci3ns informativas dirixidas aos clubs deportivos para a prevenci3n do abandono da pr3ctica deportiva entre as adolescentes (si / non). • Tipo de acci3ns informativas dirixidas aos clubs deportivos para a prevenci3n do abandono da pr3ctica deportiva realizadas. • Continuidade das actividades deportivas municipais dirixidas especialmente a previr o abandono da pr3ctica deportiva entre as adolescentes (si / non).

LIÑA ESTRATÉXICA 2		PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES			
OBXECTIVO XERAL		Promover unha maior implicación do conxunto da cidadanía para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria e contribuír a unha maior participación da muller en todos os ámbitos da vida pública.			
Obxectivo específico	OE 2.3.	Fomentar a práctica deportiva das mulleres de todas as idades para promover un estilo de vida activo para a saúde e o benestar persoal.			
CÓD.	MEDIDA	Estudo da participación oleirense nas actividades físico-deportivas e o seu impacto sobre a saúde desde unha perspectiva de xénero.			
OE 2.3.3.					
Descrición		Esta medida está dirixida a analizar a participación da poboación oleirense, especialmente das mulleres, nas actividades físico-deportivas, coñecer a porcentaxe de persoas sobre o total da poboación que non as realizan e investigar as súas causas. Ademais, indagar sobre os motivos que leva á poboación xuvenil feminina ao abandono das prácticas deportivas.			
Tipo de medida		Coñecemento			
Xustificación		A través dos programas de diagnose, incidiuse na necesidade de obter datos sobre a poboación oleirense respecto á súa participación nas actividades deportivas, co obxectivo de identificar as causas e motivos da poboación que non realiza actividade física. Ademais, incidir na obtención de información para analizar as razóns que levan ás rapazas durante a súa adolescencia a abandonar as prácticas deportivas que viñan realizando. Todo isto desde unha perspectiva de xénero, pois desde a área de Deportes do Concello enténdese que é este un factor que afecta sobre todo ás mulleres.			
Departamento responsable		Deportes			
Departamentos colaboradores		-			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica	<input type="checkbox"/> Permanente	<input checked="" type="checkbox"/> Puntual	
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. Ns/nc			
Persoas / colectivos destinatarios		Mulleres			
Accións específicas		Accións vinculadas á medida: A. Elaboración, en colaboración coa Facultade de Ciencias da Educación Física e do Deporte, dun estudo de campo para a obtención de datos estatísticos e información sobre a participación da poboación de Oleiros nas actividades físico-deportivas focalizada, especialmente, na poboación de mulleres e rapazas que abandonan a práctica deportiva durante a adolescencia.			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Tipo de estudo que se prevé realizar. 			<ul style="list-style-type: none"> Realización do estudo (si/non). Tipo de estudo realizado Dotación económica destinada (cifra). 		

OE 2.4. IMPULSAR A INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO E A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NOS CLUBS E ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS

MEDIDAS

OE 2.4.1. Realización de **accións dirixidas ao persoal das directivas dos clubs para reducir a segregación vertical** nos seus órganos directivos e a incorporación da perspectiva de xénero na súa actividade dun xeito integral.

LIÑA ESTRATÉXICA 2		PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES			
OBXECTIVO XERAL		Promover unha maior implicación do conxunto da cidadanía para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria e contribuír a unha maior participación da muller en todos os ámbitos da vida pública.			
Obxectivo específico	OE 2.4.	Impulsar a integración da perspectiva de xénero e a igualdade de oportunidades nos clubs e asociacións deportivas.			
CÓD.	MEDIDA	Realización de accións dirixidas ao persoal das directivas dos clubs para reducir a segregación vertical nos seus órganos directivos e a incorporación da perspectiva de xénero na súa actividade dun xeito integral.			
OE 2.4.1.					
Descrición		Esta medida está dirixida a promover a adopción do principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres nos seus órganos directivos e á incorporación da perspectiva de xénero dun xeito integral, favorecendo un espazo máis xusto e comprometido coa igualdade. En definitiva, a diminuír as desigualdades de xénero existentes no ámbito deportivo e a favorecer cambios nas dinámicas das asociacións que optan ás convocatorias de subvencións.			
Tipo de medida		Sensibilización, Normas			
Xustificación		Tal e como se recolle na diagnose, existe unha participación desigual nas xuntas directivas das asociacións deportivas, onde a presenza das mulleres é tan só do 31,6%. Polo que este é outro dos aspectos que máis evidencia a desigualdade no ámbito do deporte. Deste xeito, cómpre pór en marcha mecanismos para favorecer a incorporación de mulleres aos órganos directivos das asociacións deportivas e corrixir, así, as desigualdades manifestas e o desequilibrio entre mulleres e homes. Así mesmo, esta medida está conectada co obxectivo de avanzar na incorporación da transversalidade de xénero para que estea presente en toda a xestión pública municipal, transcendendo, así mesmo, ás bases reguladoras das axudas ás asociacións.			
Departamento responsable		Deportes			
Departamentos colaboradores		Servizos Sociais e Igualdade			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica	<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	<input type="checkbox"/> Puntual	
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento (dotación económica total anual en subvencións 95.000 €). B. D.I. C. D.I. D. D.I. E. D.I. F. D.I.			
Persoas / colectivos destinatarios		Asociacións e clubs deportivos			
Accións específicas		Accións vinculadas á medida: A. Inclusión como criterio de valoración nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións ás asociacións e clubs deportivos, a representación equilibrada de mulleres e homes nos órganos directivos (ou outro requisito que favoreza unha maior igualdade de oportunidades entre mulleres e homes). Esta acción está relacionada coa medida 1.1.2. B. Inclusión como criterio de valoración nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións ás asociacións e clubs deportivos, a achega ao Concello de datos desagregados por sexo, idade, discapacidade etc., respecto da poboación beneficiaria das accións subvencionadas. Esta acción está relacionada coa medida 1.1.2. C. Asesoramento ás asociacións sobre os criterios de valoración en materia de igualdade fixados nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións , así como para incorporar a perspectiva de xénero a			

	<p>nivel interno. Esta acción está relacionada coa medida 1.1.1 e coa medida 1.1.2.</p> <p>D. Realizar seguimento ao cumprimento das cláusulas sociais de igualdade incorporadas nas bases reguladoras das subvencións municipais. Esta acción está relacionada coa medida 1.1.2.</p> <p>E. Promoción do principio de igualdade na organización de eventos deportivos (velando porque os recoñecementos e/ou premios que se outorguen non perpetúen as desigualdades).</p> <p>F. Difusión de información cara ao tecido asociativo referente ao marco normativo en materia de igualdade de oportunidades e sobre o uso non sexista da linguaxe nas estratexias e soportes de comunicación. Esta acción está relacionada coa medida 2.2.2.</p>
Indicadores de seguimento e avaliación	
Indicadores de proceso	Indicadores de resultado
<ul style="list-style-type: none"> • Tipo de criterios de valoración que se prevé incorporar nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións ás asociacións e clubs deportivos. • Número e tipo de consultas previstas polas asociacións sobre os criterios de valoración en materia de igualdade fixados nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións, así como para incorporar a perspectiva de xénero a nivel interno. • Número e tipo de consultas que se prevé se realicen en relación ás cláusulas de igualdade. • Número de asociacións que se prevén que cumpran coas cláusulas sociais de igualdade incorporadas nas bases reguladoras das subvencións. • Número previsto e tipo de eventos onde promocionar o principio de igualdade. • Tipo de información que se prevé difundir cara ao tecido asociativo referente ao marco normativo en materia de igualdade de oportunidades e sobre o uso non sexista da linguaxe nas estratexias e soportes de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Criterios de valoración incorporados nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións ás asociacións (si / non). • Tipo de criterios incorporados nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións ás asociacións e clubs deportivos. • Asesoramento ás asociacións sobre os criterios de valoración en materia de igualdade fixados nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións e para incorporar a perspectiva de xénero a nivel interno (si / non). • Número e tipo de consultas realizadas polas asociacións sobre os criterios e valoración en materia de igualdade fixados nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións. • Número e porcentaxe de asociación e/ou entidades deportivas subvencionadas que cumpren cos criterios sociais en materia de igualdade incorporados nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións. • Grao de dificultade en relación ao cumprimento das cláusulas sociais de igualdade. • Promoción do principio de igualdade na organización de eventos deportivos (si / non). • Tipo de accións de fomento do principio de igualdade na organización de eventos deportivos implementadas. • Eventos onde se tivo en conta o principio de igualdade. • Información difundida referente ao marco normativo en materia de igualdade (si / non). • Tipo de información difundida e soportes empregados en relación ao marco normativo e sobre o uso non sexista da linguaxe.

OE 2.5. IMPULSAR UNHA MAIOR PARTICIPACIÓN DO TECIDO ASOCIATIVO NA PROMOCIÓN DOS VALORES DA IGUALDADE

MEDIDAS

OE 2.5.1. Posta en marcha de accións dirixidas a **promover que as asociacións** (culturais, comisións de festas, ANPA, e veciñais) **incorporen a perspectiva de xénero e teñan entre as súas actividades a promoción da igualdade.**

LIÑA ESTRATÉXICA 2		PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES			
OBXECTIVO XERAL		Promover unha maior implicación do conxunto da cidadanía para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria e contribuír a unha maior participación da muller en todos os ámbitos da vida pública.			
Obxectivo específico	OE 2.5.	Impulsar unha maior participación do tecido asociativo na promoción dos valores da igualdade.			
CÓD.	MEDIDA	Posta en marcha de accións dirixidas a promover que as asociacións (culturais, comisións de festas, ANPA, e veciñais) incorporen a perspectiva de xénero e teñan entre as súas actividades a promoción da igualdade.			
OE 2.5.1.					
Descrición		Esta medida está dirixida a promover a incorporación da perspectiva de xénero nas actividades promovidas polo tecido asociativo, e a propiciar cambios nas dinámicas das asociacións que optan ás convocatorias de subvencións coa finalidade de avanzar cara á consecución da igualdade entre mulleres e homes.			
Tipo de medida		Sensibilización, Normas, Comunicación e difusión			
Xustificación		Como se recolle nos traballos de diagnose, se ben é certo que se desenvolveron accións puntuais en colaboración co tecido asociativo, o traballo coas entidades en materia de igualdade e diversidade segue sen estar consolidado. Así mesmo, esta medida está conectada co obxectivo de avanzar na incorporación da transversalidade de xénero para que estea presente en toda a xestión pública municipal, transcendendo, así mesmo, ás bases reguladoras das axudas ás asociacións.			
Departamento responsable		Cultura e Ensino			
Departamentos colaboradores		Servizos Sociais e Igualdade			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento <small>D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)</small>		A. D.I. B. D.I. C. D.I. D. D.I. E. D.I.			
Persoas / colectivos destinatarios		Tecido asociativo			
Accións específicas		Accións vinculadas á posta en marcha desta medida: A. Inclusión como criterio de valoración nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións a incorporación de medidas e actividades que potencien a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. <i>Esta acción está relacionada coa medida 1.1.2.</i> B. Inclusión como criterio de valoración nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións a achega ao Concello de datos desagregados por sexo, idade, discapacidade etc., respecto da poboación beneficiaria das accións subvencionadas. <i>Esta acción está relacionada coa medida 1.1.2.</i> C. Promover o cumprimento das cláusulas de igualdade incorporadas nas bases reguladoras das subvencións municipais. <i>Esta acción está relacionada coa medida 1.1.2.</i> D. Asesoramento ás asociacións sobre os criterios de valoración en materia de igualdade fixados nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións , así como para incorporar a perspectiva de xénero a nivel internos. E. Difusión de información polo departamento de SS.SS. e Igualdade cara ao tecido asociativo referente ao marco normativo en materia de igualdade de oportunidades e sobre o uso non sexista da linguaxe nas estratexias e soportes de comunicación. <i>Esta acción está relacionada coa medida 1.1.1.</i> F. Creación desde o departamento de Cultura dun 'banco de contactos' en			

	<p>materia de igualdade (persoas, empresas, campañas, actividades, entidades, etc.) para facilitar a inclusión da perspectiva de xénero e o coñecemento dos diferentes recursos existentes, así como a súa posterior difusión entre as diferentes asociacións.</p>
<p>Indicadores de seguimento e avaliación</p>	
<p>Indicadores de proceso</p>	<p>Indicadores de resultado</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Tipo de criterios de valoración nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións que se prevé incorporar nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións. • Número de asociacións que se prevén cumpran coas cláusulas sociais de igualdade incorporadas nas bases reguladoras das subvencións. • Número e tipo de consultas que se prevé se realicen en relación ás cláusulas de igualdade. • Tipo de información que se prevé difundir cara ao tecido asociativo referente ao marco normativo en materia de igualdade de oportunidades e sobre o uso non sexista da linguaxe nas estratexias e soportes de comunicación. • Número e tipo de axentes que se prevé incluír no banco de contactos. • Tipo de difusión que se prevé realizar. 	<ul style="list-style-type: none"> • Criterios de valoración incorporados nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións ás asociacións (si / non). • Tipo de criterios incorporados nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións. • Número e porcentaxe de asociación e/ou entidades subvencionadas que cumpren cos criterios sociais en materia de igualdade incorporados nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións. • Asesoramento ás asociacións sobre os criterios de valoración en materia de igualdade fixados nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións e para incorporar a perspectiva de xénero a nivel interno (si / non). • Número e tipo de consultas realizadas polas asociacións sobre os criterios e valoración en materia de igualdade fixados nas bases reguladoras das axudas económicas/subvencións. • Grao de dificultade en relación ao cumprimento das cláusulas sociais de igualdade. • Número e tipo de consultas realizadas ao servizo de asesoramento en relación ás cláusulas sociais en materia de igualdade. • Grao de dificultade en relación ao cumprimento das cláusulas sociais de igualdade. • Información difundida referente ao marco normativo en materia de igualdade (si / non). • Tipo de información difundida e soportes empregados en relación ao marco normativo e sobre o uso non sexista da linguaxe. • Creación do banco de contactos (si/non). • Número e tipo de axentes incluídos no banco de contactos. • Difusión do banco de contactos (si/non). • Tipo de difusión realizada do banco de contactos.

OE 2.6. FOMENTAR A IGUALDADE DE XÉNERO A TRAVÉS DA SENSIBILIZACIÓN SOCIAL E DO ÁMBITO CULTURAL

MEDIDAS

- OE 2.6.1.** Organización de **campañas anuais de sensibilización social para a conmemoración de datas significativas**, dando unha ampla difusión ás actividades ou aos actos simbólicos realizados entre a poboación.
- OE 2.6.2.** Desenvolvemento de **actividades culturais para promover a igualdade e visibilizar a creación cultural e artística promovida polas mulleres.**

LIÑA ESTRATÉXICA 2		PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES			
OBXECTIVO XERAL		Promover unha maior implicación do conxunto da cidadanía para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria e contribuír a unha maior participación da muller en todos os ámbitos da vida pública.			
Obxectivo específico	OE 2.6.	Fomentar a igualdade de xénero a través da sensibilización social e do ámbito cultural.			
CÓD.	MEDIDA	Organización de campañas anuais de sensibilización social para a conmemoración de datas significativas, dando unha ampla difusión entre a poboación ás actividades ou aos actos simbólicos realizados.			
OE 2.6.1.					
Descrición		Medida a través da que organizar diferentes campañas (lectura de manifestos, difusión de información nas RRSS, acendido de luces de cores, organización de xornadas e/ou charlas, realización dun calendario feminista, publicación de notas de prensa, ou outras accións de carácter simbólico) ao longo do ano en datas emblemáticas para sensibilizar en materia de igualdade e diversidade, e dar a coñecer os logros e as achegas das mulleres en diversas disciplinas (11 de febreiro, Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia; 14 de febreiro, Día Europeo da Saúde Sexual; 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres; 4 de abril, Día Internacional das Nenas nas TIC; 28 de maio, Día Internacional da acción pola Saúde das Mulleres; 28 de xuño, Día Internacional do Orgullo LGBTQ+ 23 de setembro, Día Internacional Contra a Trata de Persoas Obxecto de Explotación Sexual; 11 de outubro, Día Internacional da Nena; 15 de outubro, Día Internacional das Mulleres Rurais; 17 de outubro, Día das Escritoras; 19 de outubro, Día Internacional Contra o Cancro de Mama).			
Tipo de medida		Sensibilización			
Xustificación		Como se recolle nos traballos de diagnose, destaca o traballo realizado durante a vixencia do I Plan en materia de sensibilización social en datas significativas. Se ben, existe a percepción social sobre a importancia de aumentar as accións de sensibilización en materia de igualdade para dar visibilidade a outras realidades, movementos sociais e necesidades específicas.			
Departamento responsable		Cultura e Sistema de Bibliotecas Públicas, Comunicación, Servizos Sociais e Igualdade, Normalización Lingüística.			
Departamentos colaboradores		Deportes, Participación Cidadá			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input checked="" type="checkbox"/> Periódica		<input type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)			
Persoas / colectivos destinatarios		Poboación en xeral			
Accións específicas		Medida de continuidade. A. Realización dunha campaña desde o Servizo de Normalización Lingüística anualmente no marco das actividades do 8M co alumnado das etapas educativas de primaria e secundaria consistente nun concurso de lemas, plasmando os lemas gañadores en materiais para a súa difusión (chapas, bolsas, carteis, camisetas, etc.).			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Número e tipo de actividades previstas para a conmemoración de datas significativas. Datas que se prevén visibilizar e/ou conmemorar. 			<ul style="list-style-type: none"> Organización de campañas anuais de sensibilización social para a conmemoración de datas significativas (si / non). Número e tipo de actividades realizadas de conmemoración de datas significativas. 		

LIÑA ESTRATÉXICA 2		PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES			
OBXECTIVO XERAL		Promover unha maior implicación do conxunto da cidadanía para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria e contribuír a unha maior participación da muller en todos os ámbitos da vida pública.			
Obxectivo específico	OE 2.6.	Fomentar a igualdade de xénero a través da sensibilización social e do ámbito cultural.			
CÓD.	MEDIDA	Desenvolvemento de actividades culturais para promover a igualdade e visibilizar a creación cultural e artística promovida polas mulleres.			
OE 2.6.2.					
Descrición		Con esta medida búscase, ademais de dar visibilidade ás expresións artísticas realizadas por mulleres e promovidas por diferentes departamentos municipais, considerar a perspectiva de xénero nas programacións culturais (nas súas narrativas, concertos, pezas teatrais, exposicións artísticas etc.), e considerar a “imaxe de marca” do Plan de igualdade na divulgación das programacións.			
Tipo de medida		Coñecemento, sensibilización			
Xustificación		Nos traballos de diagnose recóllese a importancia de intensificar as accións de sensibilización e de fomento da igualdade efectiva nas actividades culturais, e seguir incidindo no traballo realizado desde as bibliotecas. Por outra banda, incídese en que as programacións culturais do Concello non se realizan desde unha “marca de igualdade”, aínda que estas contemplan contidos sobre a igualdade de xénero ou visibiliza a creación cultural e artística promovida polas mulleres. Así mesmo, sinálase a necesidade de incorporar a perspectiva de xénero a toda a programación cultural (cine, teatro, etc.), e non centrarse unicamente en pezas temáticas concretas. Isto é, incorporar a perspectiva de xénero á narración, ás distintas intervencións, nas accións divulgativas e comunicativas da programación (facendo mención á perspectiva de xénero e á igualdade), no material gráfico, etc.			
Departamento responsable		Cultura, Sistema de Bibliotecas Públicas, Normalización Lingüística			
Departamentos colaboradores		Servizos Sociais e Igualdade			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input checked="" type="checkbox"/> Periódica		<input type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. D.I. B. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento) C. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento) E. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento) F. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento) G. D.I. H. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)			
Persoas / colectivos destinatarios		Poboación en xeral			
Accións específicas		Accións vinculadas co desenvolvemento desta medida: A. Realización dunha análise previa dos programas e contidos a incluír nas programacións culturais que se realizan ao longo do ano para asegurar que se incorpora á perspectiva de xénero. B. Incluír nas programacións culturais accións para a promoción da contribución das mulleres á cultura (por exemplo, concertos para visibilizar ás mulleres na música promovidos polo departamento de Normalización Lingüística, a rede de bibliotecas municipais e o departamento de Cultura). C. Selección de actividades e eventos artísticos e culturais que promovan os valores da igualdade de xénero e/ou contribúan a sensibilizar sobre os roles e estereotipos sexistas. D. Exposicións bibliográficas nas bibliotecas (selección de obras escritas por			

	<p>mulleres e exposicións para visibilizadas e fomentar a súa lectura; difusión de obras relacionadas coa diversidade sexual e de xénero, etc.).</p> <p>E. Actos literarios de presentación de libros escritos por mulleres ou de temática feminista, e faladoiros literarios de obras escritas por mulleres nas bibliotecas municipais.</p> <p>F. Ampliación de recursos bibliográficos e promoción de actividades sobre a diversidade sexual e de xénero nas bibliotecas.</p> <p>G. Incorporación da “imaxe de marca” do Plan de igualdade para visibilizar o compromiso do Concello coa igualdade na divulgación das programación culturais.</p> <p>H. Realización de actividades de sensibilización e promoción da igualdade desde os Servizos Sociais dirixidas ás persoas maiores (por exemplo excursións por roteiros feministas).</p>
Indicadores de seguimento e avaliación	
Indicadores de proceso	Indicadores de resultado
<ul style="list-style-type: none"> • Programación cultural que se prevé revisar para analizar se incorporan a perspectiva de xénero. • Tipo de actividades culturais que se prevén incluír nas programacións para a promoción da contribución das mulleres á cultura. • Número e tipo de actividades e eventos artísticos e culturais que se prevén para promover os valores da igualdade de xénero e/ou contribúan a sensibilizar sobre os roles e estereotipos sexistas. • Número e tipo de exposicións bibliográficas que se prevén realizar nas bibliotecas. • Actos literarios de presentación de libros escritos por mulleres ou de temática feminista, e faladoiros literarios de obras escritas por mulleres que se prevén realizar. • Ampliación prevista de recursos bibliográficos e promoción de actividades sobre a diversidade sexual e de xénero nas bibliotecas. • Número e tipo de actividades de sensibilización previstas desde os medios de comunicación (radio, TV, prensa, etc.). • Accións nas que se prevé incorporar “a imaxe de marca” do Plan de igualdade para visibilizar o compromiso do Concello. • Actividades de sensibilización que se prevén realizar para a promoción da igualdade entre as persoas maiores. 	<ul style="list-style-type: none"> • Programación cultural revisada (si / non). • Incorporación de accións nas programacións culturais para a promoción da contribución das mulleres á cultura (si / non). • Número e tipo de accións incorporadas nas programacións culturais para a promoción da contribución das mulleres á cultura. • Número e porcentaxe de actividades nas programacións culturais anuais que incorporan a perspectiva de xénero. • Número e tipo de actividades culturais realizadas (concertos, exposicións, pezas teatrais, etc.) nas que se promoven os valores da igualdade e/ou se visibiliza a creación cultural promovida por mulleres. • Realización de actividades e eventos artísticos e culturais de promoción dos valores da igualdade de xénero e/ou que contribúan a sensibilizar sobre os roles e estereotipos sexistas (si / non). • Realización de exposicións bibliográficas nas bibliotecas (si / non). • Número e tipo de exposicións bibliográficas realizadas nas bibliotecas. • Realización de actos literarios de presentación de libros escritos por mulleres ou de temática feminista (si / non). • Tipo e número de actos literarios de presentación de libros escritos por mulleres ou de temática feminista, e faladoiros literarios de obras escritas por mulleres realizados. • Ampliación de recursos bibliográficos e promoción de actividades sobre a diversidade sexual e de xénero nas bibliotecas (si / non). • Incorporación da “imaxe de marca” do Plan de igualdade para visibilizar o compromiso do Concello (si / non). • Tipo de soportes nos que se integrou a “imaxe de marca” do Plan de Igualdade. • Realización de actividades de sensibilización para a promoción da igualdade entre as persoas maiores (si / non). • Número e tipo de actividades de sensibilización realizadas para a promoción da igualdade entre as persoas maiores.

OE 2.7. FOMENTAR A IGUALDADE ENTRE MOZAS E MOZO E APOIAR AO COLECTIVOS LGBTIQ+ NAS CASAS DA MOCIDADE

MEDIDAS

OE 2.7.1. Programación de **actividades formativas e de sensibilización** para fomentar a igualdade entre mozas e mozos nas **Casas da Mocidade**.

LIÑA ESTRATÉGICA 2		PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES			
OBXECTIVO XERAL		Promover unha maior implicación do conxunto da cidadanía para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria e contribuír a unha maior participación da muller en todos os ámbitos da vida pública.			
Obxectivo específico	OE 2.7.	Fomentar a igualdade entre mozas e mozos e apoiar aos colectivos LGBTIQ+ nas Casas da Mocidade municipais.			
CÓD.	MEDIDA	Programación de actividades formativas e de sensibilización para fomentar a igualdade entre mozas e mozos nas Casas da Mocidade.			
OE 2.7.1.					
Descrición		Con esta medida búscase que na programación municipal das Casas da Mocidade, ademais de potenciar a autonomía persoal e a aprendizaxe entre iguais, o emprego, a sexualidade e o deporte, se aborde a igualdade e se poña en alza a horizontalidade nas relacións entre rapazas e rapaces.			
Tipo de medida		Sensibilización			
Xustificación		Se ben é certo que o Concello colabora activamente cos centros de ensino en materia de xénero, sendo unha das principais fortalezas das políticas de igualdade municipais a consolidación da coeducación, tamén é certo que nos traballos de diagnose recóllese a necesidade de incidir entre a mocidade do Concello temas que lles afectan máis directamente, así como establecer un diálogo coa mocidade en contextos e espazos máis informais, afastados da educación formal. Isto é, en espazos tales como os Centros Xuvenís, co obxectivo de crear contornas máis igualitarias e horizontais, libres de violencias machistas. Sinálase a necesidade de profundar en temas como as relacións amorosas na etapa adolescente e na detección de comportamentos 'tóxicos', xa que se trata dunha etapa na que se desatan fortes lazos afectivos, e onde as condutas machistas son visibilizadas de maneira explícita; a deconstrución da hipersexualización das rapazas novas, tentando incidir nos valores que actúan no proceso de presión social que existe sobre o uso da roupa e a acentuación de determinadas zonas do corpo, cara as que existe unha connotación máis sexual; realizar unha análise crítica respecto ao tipo de consumo audiovisual e os modelos culturais predominantes e presentes no seu día a día; o emprego das Redes Sociais e a responsabilidade colectiva respecto á perpetuación de determinados comportamentos machistas; a problemática do consumo de pornografía como referente para á súa educación sexual (ás veces único referente); etc. O necesario tratamento destes temas, entre outros, para a visibilización de novas realidades e transformacións sociais, constitúe un reto para o II Plan.			
Departamento responsable		Xuventude			
Departamentos colaboradores		Servizos Sociais e Igualdade			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input type="checkbox"/> Permanente	
		<input checked="" type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		Medida de continuidade			
Persoas / colectivos destinatarios		Mocidade			
Accións específicas		Esta medida contempla a programación de accións en materia de igualdade de xénero dirixidas ás mozas e mozos nos Centros Xuvenís, cun carácter formativo, informativo e de sensibilización, e que contribúan no avance contra a erradicación das violencias machistas e acadar a igualdade: A. Talleres para un emprego non sexista das redes sociais. B. Taller psicosocial sobre o consumo de pornografía e os seus imaxinarios. C. Talleres para mozas e mozos sobre a influencia negativa que os modelos de feminidade e masculinidade dominantes teñen sobre a súa saúde. D. Obradoiro de análise dos contidos culturais que se consumen na adolescencia. E. Promoción de espazos de reflexión (foros, debates, etc.) para recoñecer e poñer en valor a diversidade.			

	<p>F. Organización de debates sobre as problemáticas da xente moza dende unha perspectiva de xénero.</p> <p>G. Labor de asesoramento ás asociacións e grupos xuvenís para fomentar a igualdade en todas as súas actuacións. Esta acción está relacionada coa medida 2.3.2.</p> <p>H. Actividades informativas e formativas sobre a violencia de xénero e outras violencias machistas (especialmente sobre as violencias dixitais, LGBTQfobia e as agresións sexuais).</p> <p>I. Campañas conmemorativas do 25N, 8M, 28Xuño, etc.</p> <p>J. Elaboración dun catálogo de servizos e recursos dispoñibles nos espazos de socialización xuvenil do concello dende unha perspectiva de xénero para difundir a través das RR.SS.</p> <p>K. Realización de actividades específicas para fomentar a participación equilibrada nos Centros Xuvenís e nas actividades.</p>
Indicadores de seguimento e avaliación	
Indicadores de proceso	Indicadores de resultado
<ul style="list-style-type: none"> • Número e tipo de actividades previstas dirixidas á abordaxe dos temas expostos (diversidade, pornografía, redes sociais, amor romántico, etc.). • Número previsto de participantes nas actividades programadas (desagregado por sexo, idade, discapacidade, etc.). • Número de campañas en datas conmemorativas nas que se prevé participen as Casas da Mocidade. • Número e tipo de actividades previstas para fomentar a participación equilibrada 	<ul style="list-style-type: none"> • Número e tipo de actividades realizadas dirixidas á abordaxe dos temas expostos (diversidade, pornografía, redes sociais, amor romántico, etc.). • Número de participantes nas actividades realizadas (desagregado por sexo, idade, discapacidade, etc.). • Número de consultas ao servizo de asesoramento (desagregado por sexo, idade, discapacidade, etc.). • Número de campañas en datas conmemorativas nos Centros Xuvenís. • Número e tipo de actividades realizadas para fomentar a participación equilibrada Nas Casas da Xuventude e nas actividades.

LIÑA ESTRATÉXICA | 3 COIDADOS E CORRESPONSABILIDADE

Obxectivo xeral	
AVANZAR NA CONSTRUCCIÓN DA CORRESPONSABILIDADE SOCIAL DOS COIDADOS	
Obxectivos específicos (OE)	OE 3.1. Consolidar e potenciar os recursos e servizos que promoven a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
	OE 3.2. Continuar fomentando o autocoidado para mellorar o nivel de saúde e benestar social desde unha perspectiva de xénero.
	OE 3.3. Favorecer a inclusión das persoas dependentes con discapacidade nas actividades de ocio do Concello.
	OE 3.4. Desenvolver accións que favorezan a toma de conciencia da importancia da corresponsabilidade e poñan en valor os traballos de coidado.

LIÑA ESTRATÉXICA | 3 COIDADOS E CORRESPONSABILIDADE

OBXECTIVO XERAL

Avanzar na construción da corresponsabilidade social dos coidados

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	MEDIDAS
OE 3.1. Consolidar e potenciar os recursos e servizos que promoven a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.	OE 3.1.1. Mantemento da oferta de prazas en escolas infantís de 0-3 anos.
	OE 3.1.2. Continuidade das subvencións dirixidas ás ANPA para contribuir economicamente ao financiamento do servizo de comedor nos centros de ensino e á realización de actividades extraescolares dirixidas á poboación infantil coa finalidade de fomentar a conciliación da vida familiar e laboral.
	OE 3.1.3. Continuidade dos programas de envellecemento activo e das actividades de ocio activo para persoas maiores (talleres de memoria, actividades de exercicio físico, sendeirismo e excursionismo, etc.).
	OE 3.1.4. Atención ás necesidades de coidado familiar na oferta de actividades municipais de carácter cultural para responder ás necesidades e demandas da poboación.
OE 3.2. Continuar fomentando o autocoidado para mellorar o nivel de saúde e benestar social desde unha perspectiva de xénero	OE 3.2.1. Continuidade dos obradoiros dirixidos ao apoio e recuperación de determinadas doenzas da muller e a toma de conciencia sobre as necesidades de coidado físico e corporal das mulleres.
	OE 3.2.2. Deseño de obradoiros e programas dirixidos ao coidado emocional das mulleres para o seu desenvolvemento e autonomía plena.
	OE 3.2.3. Continuidade do programa de apoio a persoas coidadoras.
	OE 3.2.4. Transversalización das actividades de autocoidado para facelas máis inclusivas e teñan un público obxectivo máis amplo.
OE 3.3. Favorecer a inclusión das persoas dependentes con discapacidade nas actividades de ocio do Concello.	OE 3.3.1. Organización de actividades de ocio dirixidas ás persoas dependentes que teñen algún tipo de discapacidade desde unha perspectiva de xénero.
OE 3.4. Desenvolver accións que favorezan a toma de conciencia da importancia da corresponsabilidade e poñan en valor os traballos de coidado.	OE 3.4.1. Realización de actividades de sensibilización e formación desde idades temperás en relación aos coidados e aos estereotipos e roles de xénero nas tarefas domésticas e de coidado.
	OE 3.4.2. Realización de actividades de sensibilización para fomentar unha cultura familiar máis corresponsable, facendo fincapé na participación dos homes no espazo doméstico e de coidados.

OE 3.1. CONSOLIDAR E POTENCIAR OS RECURSOS E SERVIZOS QUE PROMOVEN A CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL

MEDIDAS

- OE 3.2.1.** Mantemento da oferta de prazas en escolas infantís de 0-3 anos.
- OE 3.2.2.** Continuidade das **subvencións dirixidas ás ANPA** para contribuír economicamente ao financiamento do servizo de comedor nos centros de ensino e á realización de actividades extraescolares dirixidas á poboación infantil **coa finalidade de fomentar a conciliación da vida familiar e laboral.**
- OE 3.2.3.** Continuidade dos **programas de envellecemento activo** e das actividades de ocio activo para persoas maiores (talleres de memoria, actividades de exercicio físico, sendeirismo e excursionismo, etc.).
- OE 3.2.4.** Atención **ás necesidades de coidado familiar na oferta de actividades municipais de carácter cultural para responder ás necesidades e demandas da poboación.**

LIÑA ESTRATÉXICA 3		COIDADOS E CORRESPONSABILIDADE			
OBXECTIVO XERAL		Avanzar na construción da corresponsabilidade social dos coidados.			
Obxectivo específico	OE 3.1.	Consolidar e potenciar os recursos e servizos que promoven a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.			
CÓD.	MEDIDA	Mantemento da oferta de prazas en escolas infantís de 0-3 anos.			
OE 3.1.1.					
Descrición		Esta medida está dirixida a garantir o número de prazas dispoñibles nas escolas infantís para as crianzas de 0 a 3 anos nos próximos anos.			
Tipo de medida		Recursos e servizos			
Xustificación		<p>A través dos traballos de diagnose para a posta en marcha do II Plan de igualdade recóllese a necesidade de aumentar as medidas e accións específicas que favorezan a conciliación desde o Concello. Se ben, ten unha compoñente estrutural e sistémica (longas quendas de traballo, horarios incompatibles cos coidados, falta de corresponsabilidade, estereotipos de xénero, etc.), dificilmente tratable desde a política municipal.</p> <p>O concello conta con 4 escolas infantís de 0 a 3 anos que ofertan 311 prazas (6 de emerxencia social) que actualmente satisfán as necesidades existentes, pois a oferta e a demanda tendeu a equilibrarse nos últimos anos. Este é un dos principais recursos de conciliación para as familias, e resultan esenciais no caso de familias monoparentais e monomarentais (esta última é a tipoloxía de familia que máis dificultades atopa para a conciliación). Deste xeito, a insuficiencia de recursos de conciliación pode supoñer que moitas mulleres con fogares monomarentais se enfronten a situacións de especial vulnerabilidade. Por tanto, cómpre manter o número de prazas ofertadas para que as familias con nenas e nenos teñan un acceso equitativo.</p>			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		-			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica	<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	<input type="checkbox"/> Puntual	
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)			
Persoas / colectivos destinatarios		Poboación en xeral			
Accións específicas		Medida de continuidade.			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Número de solicitudes previstas. Número de prazas dispoñibles. Número previsto de prazas a cubrir. 			<ul style="list-style-type: none"> Número de solicitudes realizadas. Número e porcentaxe de prazas cubertas. Número de solicitudes que quedaron sen praza. Horario de dispoñibilidade dos centros infantís de 0 a 3 anos. 		

LIÑA ESTRATÉXICA 3		COIDADOS E CORRESPONSABILIDADE			
OBXECTIVO ESTRATÉXICO		Avanzar na construción da corresponsabilidade social dos coidados.			
Obxectivo específico	OE 3.1.	Consolidar e potenciar os recursos e servizos que promoven a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.			
CÓD.	MEDIDA	Continuidade das subvencións dirixidas ás ANPA para contribuír economicamente ao financiamento do servizo de comedor nos centros de ensino e á realización de actividades extraescolares dirixidas á poboación infantil coa finalidade de fomentar a conciliación da vida familiar e laboral.			
OE 3.1.2.					
Descrición		Esta medida está dirixida ao mantemento do apoio técnico e económico ás ANPA, e con iso propiciar a continuidade dos servizos que veñen realizando para salvar o desaxuste existente entre os horarios laborais e escolares.			
Tipo de medida		Recursos e servizos			
Xustificación		<p>Igual que no I Plan, as medidas destinadas a promover a conciliación seguen a ser unha das demandas principais por parte das familias. Ademais, a súa ausencia dificulta as posibilidades de inserción laboral de moitas mulleres. Neste eido, o da conciliación, as ANPA xogan un papel fundamental á hora de desenvolver medidas dirixidas ás familias, con programas como o de madrugadores, campamentos de verán, actividades extraescolares, ou coa xestión de comedores escolares. Polo que o impacto destas accións é moi alto, e no caso dos comedores, ademais de facilitar a conciliación das familias, o que se constata coa elevada demanda que rexistran, garante que os nenos e nenas das familias con menos recursos se beneficien dunha comida ao día equilibrada e saudable.</p> <p>Cómpre destacar que todas as medidas de conciliación son especialmente relevantes nos fogares monomarentais; son as que máis dificultades atopan para a conciliación, de tal xeito que unha gran carencia de recursos en termos de conciliación pode supoñer que moitas mulleres con fogares monomarentais se atopen nunha situación de vulnerabilidade.</p> <p>Por iso, cómpre darlle continuidade ao apoio técnico e económico dado o papel fundamental que xoga no desenvolvemento de accións para o coidado infantil, así como seguir incidindo na mellora na coordinación entre o Concello e as asociacións no tocante ao mantemento destes servizos para a conciliación.</p>			
Departamento responsable		Ensinso			
Departamentos colaboradores		-			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input checked="" type="checkbox"/> Periódica		<input type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)			
Persoas / colectivos destinatarios		Familias, ANPA			
Accións específicas		Medida de continuidade			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Recursos económicos que se prevén destinar. Número previsto de solicitudes. 			<ul style="list-style-type: none"> Recursos económicos destinados ás ANPA. Tipoloxía de accións realizadas polas ANPA. Número de familias beneficiadas do servizo de comedor nos centros de ensino e da realización de actividades extraescolares dirixidas á poboación infantil. 		

LIÑA ESTRATÉXICA 3		COIDADOS E CORRESPONSABILIDADE			
OBXECTIVO XERAL		Avanzar na construción da corresponsabilidade social dos coidados.			
Obxectivo específico	OE 3.1.	Consolidar e potenciar os recursos e servizos que promoven a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.			
CÓD.	MEDIDA	Continuidade dos programas de envellecemento activo e das actividades de ocio activo para persoas maiores.			
OE 3.1.3.					
Descrición		Esta medida está dirixida ao mantemento das actividades de envellecemento activo e de ocio (ocupacionais) para as persoas maiores, buscando equilibrar a participación de mulleres e homes.			
Tipo de medida		Servizos e recursos, sensibilización, comunicación e difusión			
Xustificación		O envellecemento da poboación ten un dobre impacto de xénero. Por unha banda, a maior esperanza de vida das mulleres fai que o envellecemento estea moi feminizado, é dicir, preséntase unha forte feminización da vellez. Por outra banda, a maior parte das persoas coidadoras de maiores dependentes son mulleres. Ambos aspectos sitúan as mulleres nunha posición de especial vulnerabilidade. Daquela, cómpre darlle continuidade aos programas de envellecemento activo dado o seu dobre impacto en materia de xénero. Así, en primeiro lugar, as ditas actividades teñen un impacto na conciliación para as familias, e segundo, dada a forte feminización da vellez, contribúen a unha maior calidade de vida das mulleres máis maiores. Así mesmo, a menor participación dos homes nas actividades de coidado persoal (talleres de memoria, ioga, ximnasia, etc.) vén condicionada polos roles e estereotipos de xénero, feito que se constata coa súa menor participación naquelas actividades que supoñen un coidado ou poidan reflexar unha debilidade. Polo tanto, compre tamén estimular a súa maior participación, buscando actividades por exemplo, ao aire libre, xa que son nas que adoitan participar en maior medida. Así mesmo, no proceso participativo da diagnose apúntase que os programas de unidades de memoria (de estimulación cognitiva), poderían adaptarse ás etapas.			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		-			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input checked="" type="checkbox"/> Periódica		<input type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento) B. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento) C. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)			
Persoas / colectivos destinatarios		Familias, persoas maiores			
Accións específicas		Medida de continuidade. Algunhas accións específicas para a continuación da medida son: A. Darlle continuidade ás actividades de exercicio físico , sendeirismo, excursionismo, etc. dirixidas ás persoas maiores ou que teñan carácter interxeracional. B. Realización de accións coas que fomentar que as mulleres maiores adquiran coñecementos no ámbito das TIC . C. Continuidade na difusión da oferta de actividades de ocio e a programación cultural do Concello entre as persoas maiores (material para a sensibilización, facendo especial énfase na participación dos homes maiores da vida cultural do municipio).			

Indicadores de seguimento e avaliación	
Indicadores de proceso	Indicadores de resultado
<ul style="list-style-type: none"> • Número e tipoloxía das actividades de exercicio físico previstas para persoas maiores. • Número previsto de prazas ofertadas. • Número previsto de participantes desagregado por sexo. • Accións previstas coas que fomentar que as mulleres maiores adquiran coñecementos no ámbito das TIC. • Difusión da oferta de actividades de ocio entre as persoas maiores prevista. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de actividades de exercicio físico (si / non). • Número e tipoloxía de actividades de exercicio físico realizadas. • Número de prazas cubertas. • Número de participantes desagregado por sexo. • Realización de accións coas que fomentar que as mulleres maiores adquiran coñecementos no ámbito das TIC (si / non). • Número e tipo de accións realizadas para fomentar que as mulleres maiores adquiran coñecementos no ámbito das TIC. • Realización de difusión da oferta de actividades de ocio entre as persoas maiores (si / non). • Tipo de difusión da oferta actividades de ocio entre as persoas maiores realizada.

LIÑA ESTRATÉXICA 3		COIDADOS E CORRESPONSABILIDADE			
OBXECTIVO XERAL		Avanzar na construción da corresponsabilidade social dos coidados.			
Obxectivo específico	OE 3.1.	Consolidar e potenciar os recursos e servizos que promoven a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.			
CÓD.	MEDIDA	Atención ás necesidades de coidado familiar na oferta de actividades municipais de carácter cultural para responder ás necesidades e demandas da poboación.			
OE 3.1.4.					
Descrición		Esta medida está dirixida a ter en conta as necesidades reais da poboación oleirense en termos de conciliación, que poden condicionar o gozo do tempo de lecer e o acceso ás actividades culturais a unha gran diversidade de familias.			
Tipo de medida		Coñecemento, recursos e servizos			
Xustificación		<p>Tal e como e se recolle na diagnose, aínda dos servizos e recursos existentes no concello que promoven a conciliación, as familias seguen atopándose con moitas dificultades para a conciliación da vida laboral e familiar. E especialmente as mulleres, son as que adoitan ter maiores dificultades para participar nestas actividades e para o gozo do tempo de ocio, o que repercute na súa calidade de vida.</p> <p>Segundo apuntan diversos estudos, ata os 30 anos, as persoas adoitan contar con máis tempo para elas, e case ningún problema de conciliación. Dos 30 ata os 50, coincide co momento de maior actividade profesional e coa maternidade e paternidade, polo que a conciliación tórnase máis complicada. E, a partir dos 50 e ata o final da vida laboral, a dependencia de persoas maiores tamén pode limitar o tempo para gozar de tempo de ocio e lecer. De aí a importancia de analizar a viabilidade de impulsar servizos de canguraxe a demanda nas actividades que se organizan no Concello dirixidas á poboación adulta.</p>			
Departamento responsable		Deportes, Ensino, Cultura e Sistema de Bibliotecas Públicas			
Departamentos colaboradores		Servizos Sociais e Igualdade			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento) B. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)			
Persoas / colectivos destinatarios		Familias			
Accións específicas		<p>Accións específicas para a posta en marcha desta medida:</p> <p>A. Estudo da oferta e a demanda das actividades, e revisión dos horarios das actividades, adaptando as programacións a franxas horarias e datas que favorezan unha maior participación das mulleres e homes con necesidades de conciliación familiar (ou baixo outros criterios que permitan conciliar os tempos das familias con menores ou persoas maiores dependentes ao seu cargo).</p> <p>B. Análise da viabilidade de impulsar medidas de conciliación e/ou servizos de canguraxe nas actividades promovidas polo Concello dirixidas á poboación adulta segundo a demanda existente.</p>			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Tipo de actividades nas que se prevé revisar os horarios, as datas, etc., para facilitar a participación das persoas que, en maior medida, poden ter necesidades de conciliación. Tipo de medidas e/ou servizos de canguraxe que se prevén valorar coa finalidade de favorecer a conciliación. 			<ul style="list-style-type: none"> Estudo e revisión dos horarios, as datas, etc. Para facilitar a participación das persoas nas actividades culturais (si / non). Número e tipo de actividades programadas nas que se tiveron en conta as necesidades de conciliación para favorecer unha maior participación das familias. Valoración do impacto da programación das actividades tendo en conta as necesidades de conciliación. Tipo de medidas/ servizos valorados, e valoración do custo económico da súa implementación. 		

OE 3.2. CONTINUAR FOMENTANDO O AUTOCOIDADO PARA MELLORAR O NIVEL DE SAÚDE E BENESTAR SOCIAL DESDE UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO

MEDIDAS

- OE 3.2.1.** Continuidade dos **obradoiros dirixidos ao apoio e recuperación de determinadas doenzas da muller e a toma de conciencia sobre as necesidades** de coidado físico e corporal das mulleres.
- OE 3.2.2.** Deseño de **obradoiros e programas dirixidos ao coidado emocional das** mulleres para o seu desenvolvemento e autonomía plena.
- OE 3.2.3.** Continuidade do programa de **apoio a persoas coidadoras.**
- OE 3.2.4.** **Transversalización das actividades de autocoidado** para facelas máis inclusivas e teñan un público obxectivo máis amplo.

LIÑA ESTRATÉXICA 3		COIDADOS E CORRESPONSABILIDADE			
OBXECTIVO XERAL		Avanzar na construción da corresponsabilidade social dos coidados.			
Obxectivo específico	OE 3.2.	Continuar fomentando o autocoidado para mellorar o nivel de saúde e benestar social desde unha perspectiva de xénero.			
CÓD.	MEDIDA	Continuidade dos obradoiros dirixidos ao apoio e recuperación de determinadas doenzas da muller e a toma de conciencia sobre as necesidades de coidado físico e corporal das mulleres.			
OE 3.2.1.					
Descrición		Esta medida ten por obxectivo o mantemento dos obradoiros dirixidos á recuperación de certas doenzas vinculadas á muller, así como a concienciar sobre a importancia da actividade física para o mantemento dunha boa calidade de vida, e do autocoidado.			
Tipo de medida		Servizos e recursos			
Xustificación		Desde hai anos, desenvólvense algúns obradoiros específicos dirixidos ás mulleres para promover a concienciación sobre a importancia do coidado do propio corpo como ferramenta para manter unha boa calidade de vida. É o caso do programa experimental piloto (e pioneiro) dirixido ao apoio e recuperación de determinadas doenzas físicas da muller en relación con procesos oncolóxicos; ou o do obradoiro "O corpo", no que se tratan as necesidades de coidado físico e corporal das mulleres, así como os factores que hai que ter en conta para manter unha boa calidade no referente a termos físicos. No proceso participativo da diagnose incídese no impacto positivo que tiveron estes obradoiros nas participantes, na mellora do seu benestar físico, social e emocional, e en moitos caso, serviron de método de empoderamento ante a propia enfermidade. De aí a importancia da súa continuidade.			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		-			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input checked="" type="checkbox"/> Períódica	<input type="checkbox"/> Permanente	<input type="checkbox"/> Puntual	
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)			
Persoas / colectivos destinatarios		Mulleres			
Accións específicas		Medida de continuidade			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Número e tipoloxía de actividades que se prevé realizar. Número previsto de prazas ofertadas. 			<ul style="list-style-type: none"> Realización da medida (si / non). Número e tipoloxía de actividades realizadas. Número de solicitudes. Número e porcentaxe de prazas cubertas. 		

LIÑA ESTRATÉXICA 3		COIDADOS E CORRESPONSABILIDADE			
OBXECTIVO XERAL		Avanzar na construción da corresponsabilidade social dos coidados.			
Obxectivo específico	OE 3.2.	Continuar fomentando o autocoidado para mellorar o nivel de saúde e benestar social desde unha perspectiva de xénero.			
CÓD.	MEDIDA	Deseño de obradoiros e programas dirixidos ao coidado emocional das mulleres para o seu desenvolvemento e autonomía plena.			
OE 3.2.2.					
Descrición		Esta medida vai dirixida á creación de programas e obradoiros para o coidado emocional das mulleres, así como a conciencia sobre a importancia da saúde mental para o mantemento dunha boa calidade de vida.			
Tipo de medida		Servizos e recursos			
Xustificación		As mulleres seguen a ser a principais provedoras de coidados, crianzas e traballo reprodutivo. Tal é así que, calquera medida que se poña en marcha desde o eido dos coidados e que busque mellorar a calidade de vida das persoas coidadoras, vai ter un importante impacto en materia de xénero. As persoas coidadoras soen estar expostas a numerosos problemas emocionais e psicolóxicos, o que se traduce nun forte impacto no estado de saúde física e mental. O Concello de Oleiros, a día de hoxe (e dun xeito pioneiro na contorna), ten anos de experiencia no desenvolvemento de programas, actividades e obradoiros en apoio ás persoas coidadoras, sinalados na diagnose como unha das grandes fortalezas en materia de igualdade de xénero no concello. Deste xeito, cómpre manter este tipo de actividades polo impacto positivo que teñen en materia de xénero e, por tanto, o seu impulso a unha maior igualdade de oportunidades.			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		-			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input checked="" type="checkbox"/> Periódica		<input type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)			
Persoas / colectivos destinatarios		Mulleres			
Accións específicas		Medida de continuidade.			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Número e tipoloxía de actividades que se prevé realizar. Número previsto de prazas. Número previsto de participantes (desagregado por sexo). 			<ul style="list-style-type: none"> Realización da medida (si / non). Número e tipoloxía de actividades realizadas. Número de prazas. Número de solicitudes. Número de participantes. 		

LIÑA ESTRATÉXICA 3		COIDADOS E CORRESPONSABILIDADE			
OBXECTIVO XERAL		Avanzar na construción da corresponsabilidade social dos coidados.			
Obxectivo específico	OE 3.2.	Continuar fomentando o autocoidado para mellorar o nivel de saúde e benestar social desde unha perspectiva de xénero.			
CÓD.	MEDIDA	Continuidade do programa de apoio a persoas coidadoras.			
OE 3.2.3.					
Descrición		Esta medida vai dirixida a darlle continuidade aos programas de apoio ás persoas coidadoras do concello, na súa maioría mulleres.			
Tipo de medida		Servizos e recursos			
Xustificación		As mulleres continúan a ser as principais provedoras de coidados, polo que calquera actuación realizada en beneficio das persoas coidadoras vai ter necesariamente un importante impacto de xénero. Co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas coidadoras, expostas a numerosos problemas emocionais e psicolóxicos como consecuencia de atender a unha persoa da familia dependente durante moito tempo continuado, o Concello de Oleiros leva desenvolvendo durante os últimos anos diferentes actividades e obradoiros, tales como: "Descubrinto emocións", "Coidando emocións", etc. A maior parte dos concellos non adoitan contar con programas de apoio ás persoas coidadoras, polo que este programa, certamente pioneiro na contorna, consolídase tamén como un punto forte no que se refire á política de igualdade do Concello. Así, cómpre manter este tipo de actividades polo impacto positivo que teñen en materia de xénero e, por tanto, o seu impulso a unha maior igualdade de oportunidades.			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		-			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input checked="" type="checkbox"/> Períodica		<input type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)			
Persoas / colectivos destinatarios		Mulleres			
Accións específicas		Medida de continuidade.			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Número e tipo de actividades que se prevé realizar. Número previsto de prazas. Número previsto de participantes (desagregado por sexo). 			<ul style="list-style-type: none"> Realización da medida (si / non). Número e tipo de actividades realizadas. Número de prazas. Número de solicitudes. Número de participantes (desagregado por sexo). 		

LIÑA ESTRATÉXICA 3		COIDADOS E CORRESPONSABILIDADE			
OBXECTIVO ESTRATÉXICO		Avanzar na construción da corresponsabilidade social dos coidados.			
Obxectivo específico	OE 3.2.	Continuar fomentando o autocoidado para mellorar o nivel de saúde e benestar social desde unha perspectiva de xénero.			
CÓD.	MEDIDA	Transversalización das actividades de autocoidado para facelas máis inclusivas e teñan un público obxectivo máis amplo.			
OE 3.2.4.					
Descrición		Esta medida está dirixida a propiciar que as medidas dos autocoidados sexan máis inclusivas, isto é, que teñan un público obxectivo máis amplo (como poden ser as nais e os pais de crianzas con discapacidade, ou persoas que teñen ao seu coidado persoas dependentes, e non focalízalo principalmente na poboación máis maior).			
Tipo de medida		Servizos e recursos, sensibilización			
Xustificación		Durante o proceso participativo da diagnose sinalouse a importancia de fomentar en maior medida o autocoidado, así como a necesidade de facer este tipo de medidas que se levan desenvolvendo desde hai anos, máis inclusivas. E de forma específica, levalas ao ámbito da discapacidade.			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		-			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input checked="" type="checkbox"/> Períódica		<input type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas / colectivos destinatarios		Nais e pais de crianzas con discapacidade.			
Accións específicas		- Medida de continuidade			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Número e tipoloxía de actividades que se prevé realizar. Número previsto de prazas ofertadas. 			<ul style="list-style-type: none"> Realización da medida (si / non). Número e tipoloxía de actividades realizadas. Número de solicitudes. Número e porcentaxe de prazas cubertas. 		

OE 3.3. FAVORECER A INCLUSIÓN DAS PERSOAS DEPENDENTES CON DISCAPACIDADE NAS ACTIVIDADES DE OCIO DO CONCELLO

MEDIDAS

OE 3.3.1. Organización de actividades de ocio dirixidas ás persoas dependentes que teñen algún tipo de discapacidade desde unha perspectiva de xénero.

LIÑA ESTRATÉXICA 3		COIDADOS E CORRESPONSABILIDADE			
OBXECTIVO XERAL		Avanzar na construción da corresponsabilidade social dos coidados			
Obxectivo específico	OE 3.3.	Favorecer a inclusión das persoas dependentes con discapacidade nas actividades de ocio do Concello.			
CÓD.	MEDIDA	Organización de actividades de ocio dirixidas ás persoas dependentes que teñen algún tipo de discapacidade desde unha perspectiva de xénero.			
OE 3.3.1.					
Descrición		No ámbito da inclusión social, a convivencia e a diversidade, continuar o traballo realizado ata o momento para incluír as persoas con discapacidade na vida municipal, incorporando tamén actividades ou accións dirixidas a promover a igualdade de xénero neste colectivo.			
Tipo de medida		Servizos e recursos, sensibilización			
Xustificación		Unha das fortalezas identificadas ten que ver coa percepción do persoal técnico municipal dunha maior integración e participación das persoas con discapacidade nas actividades do Concello. Neste sentido, recentemente iniciouse unha programación de actividades de ocio dirixidas ás persoas con diversidade funcional ("Fines de Lecer"), que ten dobre obxectivo. Por unha banda, a inclusión, e, pola outra, proporcionar un respiro ás familias e persoas coidadoras. Non obstante, as actividades non incorporan especificamente a perspectiva de xénero. Polo que se considera importante introducir na narrativa dos e das monitoras a perspectiva de xénero.			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		-			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input checked="" type="checkbox"/> Periódica	<input type="checkbox"/> Permanente	<input type="checkbox"/> Puntual	
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)			
Persoas / colectivos destinatarios		Persoas con algún tipo de discapacidade, familias coidadoras.			
Accións específicas		Medidas de continuidade.			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Número e tipo de actividades de ocio que se prevén organizar. Número previsto de participantes (desagregado por sexo e idade). Número de actividades nas que se prevé incorporar a perspectiva de xénero. 			<ul style="list-style-type: none"> Realización da medida (si / non). Número e tipo de actividades de ocio organizadas. Número de participantes nas actividades (desagregado por sexo e idade). Valoración do grao de incorporación da perspectiva de xénero nas actividades de ocio realizadas. 		

OE 3.4. DESENVOLVER ACCIÓNS QUE FAVOREZAN A TOMA DE CONCIENCIA DA IMPORTANCIA DA CORRESPONSABILIDADE E POÑAN EN VALOR OS TRABALLOS DE COIDADO

MEDIDAS

- OE 3.4.1.** Realización de actividades de sensibilización e formación desde idades temperás en relación aos cuidados e aos estereotipos e roles de xénero nas tarefas domésticas e de cuidado.
- OE 3.4.2.** Realización de actividades de sensibilización para fomentar unha cultura familiar mais corresponsable, facendo fincapé na participación dos homes no espazo doméstico e de cuidados.

LIÑA ESTRATÉXICA 3		COIDADOS E CORRESPONSABILIDADE			
OBXECTIVO XERAL		Avanzar na construción da corresponsabilidade social dos coidados.			
Obxectivo específico	OE 3.4.	Desenvolver accións que favorezan a toma de conciencia da importancia da corresponsabilidade e poñan en valor os traballos de coidado.			
CÓD.	MEDIDA	Realización de actividades de sensibilización e formación desde idades temperás en relación aos coidados e aos estereotipos e roles de xénero nas tarefas domésticas e de coidado.			
OE 3.4.1.					
Descrición		Esta medida ten o obxectivo de sensibilizar en relación á tradicional feminización dos coidados e as tarefas domésticas, e previr o desenvolvemento de prexuízos e estereotipos de xénero entre as nenas e os nenos.			
Tipo de medida		Servizos e recursos, sensibilización			
Xustificación		A corresponsabilidade nos coidados é un dos aspectos clave para acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, así como vincular as tarefas domésticas e de coidados á autonomía, á independencia e ao autocoidado. A tradicional feminización dos coidados está relacionada cos prexuízos, os estereotipos de xénero e coa segregación horizontal no mercado laboral. Deste xeito, o traballo en igualdade de xénero é primordial, primando unha intervención o máis temperá posible. Polo tanto, cómpre pór en marcha accións de prevención desde as primeiras etapas, incidindo na autonomía e o autocoidado, a igualdade de capacidades de mulleres e homes, posta en valor dos traballos de coidados, diversidade familiar, educación emocional, xogos e espazos non sexistas, etc.			
Departamento responsable		Normalización Lingüística e Ensino			
Departamentos colaboradores		Servizos Sociais e Igualdade			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input checked="" type="checkbox"/> Periódica		<input type="checkbox"/> Permanente <input type="checkbox"/> Puntual	
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento) B. Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento (dotación económica para o desenvolvemento de actividades complementarias: 27.087,06 €)			
Persoas / colectivos destinatarios		Nenas e nenos			
Accións específicas		Accións específicas que están vinculadas ás medidas son: A. Continuidade do programa "Apego" desde o Servizo de Normalización Lingüística, incidindo na autonomía e o autocoidado , a igualdade de capacidades de mulleres e homes, e poñan en valor os traballos de coidados. Esta acción relacionase coa medida 2.2.1. B. Nos obradoiros dirixidos ao último ciclo da educación primaria do programa de educación para a igualdade de xénero , incidir no fomento de masculinidades igualitarias (modelos de masculinidade disidentes, cooperativos e corresponsables), para a creación de novos referentes para o alumnado que rache cos estereotipos de xénero e a división sexual do traballo, vinculando as tarefas domésticas e de coidado á autonomía, independencia e autocoidado, etc. Esta acción relacionase coa medida 2.2.1			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Contidos que se prevén traballar no programa "Apego" nos que se poña en valor os traballos de coidados. Contidos que se prevén traballar no último ciclo da educación primaria do programa de educación para a igualdade de xénero que incidan no fomento de masculinidades igualitarias. Número de centros educativos nos que se prevé realizar as actividades. 			<ul style="list-style-type: none"> Continuidade da medida (si/non). Contidos traballados no programa "Apego" nos que se poña en valor os traballos de coidados. Contidos traballados no último ciclo da educación primaria do programa de educación para a igualdade de xénero que incidan no fomento de masculinidades igualitarias. Número centros e alumnado participante (desagregado por sexo). 		

LIÑA ESTRATÉXICA 3		COIDADOS E CORRESPONSABILIDADE			
OBXECTIVO XERAL		Avanzar na construción da corresponsabilidade social dos coidados.			
Obxectivo específico	OE 3.4.	Desenvolver accións que favorezan á toma de conciencia da importancia da corresponsabilidade e poñan en valor os traballos de coidado.			
CÓD.	MEDIDA	Realización de actividades de sensibilización para fomentar unha cultura familiar máis corresponsable, facendo fincapé na participación dos homes no espazo doméstico e de coidados.			
OE 3.4.2.					
Descrición		Esta medida está dirixida a poñer en valor do traballo reprodutivo e a sensibilizar sobre a necesidade da corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados como motor para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, poñendo o énfase na necesidade de que os primeiros se involucren e asuman equitativamente as súas obrigas nos coidados.			
Tipo de medida		Servizos e recursos, sensibilización			
Xustificación		O rol nos coidados e as tarefas de crianza foron atribuídos tradicionalmente ás mulleres. Se ben o traballo reprodutivo e de coidados é necesario como sostén para a vida, sempre foron tarefas deostadas e invisibilizadas en prol dunha superioridade do traballo produtivo. Todo iso tradúcese nunha maior dependencia das mulleres e unha peor posición económica. É por iso que cómpre, por unha banda, poñer en valor a importancia dos labores de coidados e o traballo reprodutivo como base para o crecemento. Por outra parte, cómpre involucrar os homes nas ditas tarefas de coidados co obxectivo de favorecer unha maior igualdade de oportunidades e rachar cos estereotipos e prexuízos de xénero.			
Departamento responsable		Ensino, Normalización Lingüística.			
Departamentos colaboradores		Servizos Sociais e Igualdade			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input checked="" type="checkbox"/> Periódica		<input type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. D.I. (Desenvolvemento interno) B. 3.000 € C. D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas / colectivos destinatarios		Familias			
Accións específicas		Accións específicas que están vinculadas ás medidas son: A. Inclusión nos obradoiros para as familias (impulsados desde a Concellería de Ensino e Xuventude e a Concellería de Servizos Sociais e Igualdade) a corresponsabilidade e pautas e/ou ferramentas para o desenvolvemento da coeducación desde os fogares. <i>Esta acción relacionase coa medida 2.2.2.</i> B. Organización de campañas de corresponsabilidade desde os Servizos Sociais en colaboración co profesorado das escolas infantís das idades máis temperáns (de 0 a 3 anos), así como desde o Servizo de Normalización Lingüística no marco do programa "Apego", nas que se incida na necesidade de camiñar cara a unha sociedade máis corresponsable e, polo tanto, igualitaria. C. Darlle continuidade desde a Concellería de Ensino e Xuventude aos obradoiros de corresponsabilidade nas diferentes etapas educativas a través dos cales incidir na necesidade de camiñar cara a unha sociedade máis corresponsable e igualitaria.			

Indicadores de seguimento e avaliación	
Indicadores de proceso	Indicadores de resultado
<ul style="list-style-type: none"> • Obradoiros para as familias nos que se prevé a inclusión da corresponsabilidade e pautas e/ou ferramentas para o desenvolvemento da coeducación desde os fogares. • Tipo de campaña(s) de corresponsabilidade que se prevén realizar coas escolas infantís. • Número de escolas infantís que se prevé participen na(s) campaña(s). • Accións que se prevén realizar (no marco dos proxectos interxeracionais que vén desenvolvendo o Concello) que poñan valor á importancia dos coidados. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de actividades de sensibilización para fomentar unha cultura familiar máis corresponsable (si/non). • Obradoiros para as familias nos que se incluíu a corresponsabilidade e pautas e/ou ferramentas para o desenvolvemento da coeducación desde os fogares. • Realización de campaña(s) de corresponsabilidade en colaboración coas escolas infantís (si / non). • Tipo de campaña(s) de corresponsabilidade realizada coas escolas infantís. • Número de escolas participantes. • Continuidade dos obradoiros de corresponsabilidade (si/non). • Número e tipo de obradoiros de corresponsabilidade realizados.

LIÑA ESTRATÉXICA | 4 VIOLENCIA DE XÉNERO E OUTRAS VIOLENCIAS MACHISTAS

Obxectivo xeral	
ERRADICAR A VIOLENCIA DE XÉNERO E TODO TIPO DE VIOLENCIAS MACHISTAS	
Obxectivos específicos (OE)	OE 4.1. Mellorar a coordinación entre as diferentes administracións e/ou entidades na loita contra a violencia de xénero.
	OE 4.2. Incidir na detección e reforzar o sistema de atención integral ás vítimas da violencia de xénero e doutras violencias machistas.
	OE 4.3. Seguir incidindo na prevención e sensibilización da poboación sobre a violencia de xénero e outras violencias machistas.

OBXECTIVO XERAL

Erradicar a violencia de xénero e todo tipo de violencias machistas

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	MEDIDAS
OE 4.1. Mellorar a coordinación entre as diferentes administracións e/ou entidades na loita contra a violencia de xénero.	<p>OE 4.1.1. Revisión e actualización do protocolo de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero e dos mecanismos de colaboración e coordinación establecidos para a atención ás vítimas.</p> <p>OE 4.1.2. Impulso da Mesa de Coordinación Interinstitucional.</p>
OE 4.2. Incidir na detección e reforzar o sistema de atención integral ás vítimas da violencia de xénero e doutras violencias machistas.	<p>OE 4.2.1. Impulso da formación continua dos e das profesionais que traballan coas vítimas da violencia de xénero e doutras violencias machistas.</p> <p>OE 4.2.2. Continuar ofrecendo asesoramento e atención psicolóxica ás vítimas de violencia de xénero para o restablecemento da súa saúde psíquica e emocional.</p> <p>OE 4.2.3. Fortalecemento da atención psicolóxica e educativa a menores e fillos e fillos vítimas de violencia de xénero.</p> <p>OE 4.2.4. Visibilización dos servizos especializados de atención ás vítimas de violencia de xénero.</p> <p>OE 4.2.5. Mellora da oferta de aloxamento de acollida de urxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos.</p>
OE 4.3. Seguir incidindo na sensibilización e prevención da violencia de xénero e doutras violencias machistas.	<p>OE 4.3.1. Realización de accións de información e sensibilización dirixidas á mocidade para o recoñecemento e detección da violencia de xénero e outras violencias machistas.</p> <p>OE 4.3.2. Realización de accións de sensibilización en materia de igualdade e de prevención das violencias sexuais e outras violencias machistas dirixidas ao persoal das comisións de festas do concello.</p> <p>OE 4.3.3. Posta en marcha de accións de sensibilización, de rexeitamento e denuncia pública fronte á violencia de xénero e outras violencias machistas.</p>

OE 4.1. MELLORAR A COORDINACIÓN ENTRE AS DIFERENTES ADMINISTRACIÓNS E/OU ENTIDADES NA LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEDIDAS DE ACTUACIÓN

OE.4.1.1. Revisión e actualización do protocolo de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero e dos mecanismos de colaboración e coordinación establecidos para a atención ás vítimas.

OE.4.1.2. Impulso da Mesa de Coordinación Interinstitucional.

LIÑA ESTRATÉXICA 4		VIOLENCIA DE XÉNERO E OUTRAS VIOLENCIAS MACHISTAS			
OBXECTIVO XERAL		Eradicar a violencia de xénero e todo tipo de violencias machistas.			
Obxectivo específico	OE 4.1.	Mellorar a coordinación entre as diferentes administracións e/ou entidades na loita contra a violencia de xénero.			
CÓD.	MEDIDA	Revisión e actualización do protocolo de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero e dos mecanismos de colaboración e coordinación establecidos para a atención ás vítimas.			
OE 4.1.1.					
Descrición		Esta medida está dirixida a realizar unha revisión do itinerario de coordinación interinstitucional elaborado no ano 2013 para a súa adecuación ao novo marco do Convenio de Estambul, así como dos mecanismos de colaboración establecidos co resto de axentes e administracións.			
Tipo de medida		Servizos e recursos, capacitación			
Xustificación		<p>Se ben un dos principais logros da política local de igualdade foi o impulso da coordinación interinstitucional en materia de violencia de xénero (unha das debilidades identificadas na diagnose do I Plan), detéctase a necesidade de seguir incidindo na mellora da coordinación. Así, constátase, por un lado, a necesidade de reforzar a coordinación e tratar as dificultades existentes con algúns dos ámbitos profesionais (derivadas da aplicación da LOPD), e por outra, incidir na coordinación con outros axentes, como o caso de Protección Civil e Emerxencias, e outras administracións, como os centros educativos (que xa contan coa "Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo", iniciativa da Xunta de Galicia para dar resposta á necesidade de sistematizar a actuación dos centros de ensino e asegurar a coordinación institucional entre a Administración educativa, sanitaria, socio-comunitaria, policial e xudicial). Polo que é preciso incidir no ámbito educativo para ofrecer unha atención integrada, desenvolvendo estratexias e orientacións comúns.</p> <p>Por outra banda, tras a ratificación polo Goberno Español do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia cara ás mulleres e contra a violencia doméstica (Convenio de Estambul), as Administracións véñense na obriga de "prever, protexer, perseguir e eliminar todas as formas de violencia contra as mulleres e nenas", e tratar o fenómeno desde un enfoque interseccional e de dereitos humanos. O convenio insta, entre outras cuestións, a que as administracións teñan en conta a promoción da igualdade como vía para a erradicación da violencia; á inclusión doutras formas de violencia cara á muller, con independencia da relación existente entre a vítima e agresor, á discriminación múltiple; á educación como sistema de prevención; á consideración das e dos menores como vítimas; e á obriga de proporcionar unha resposta á situación de violencia machista, con independencia da denuncia. Polo que neste proceso de mellora da coordinación tamén se debe ter en conta a realidade das persoas LGTBIQ+ para responder ás violencias machistas que se exercen cara a este colectivo, e ás diversas expresións da violencia que se poden manifestar. Polo que as actuacións deben ir dirixidas a responder, ademais de á violencia de xénero, á diversidade de formas que adoptan as violencias machistas e tratalas desde un enfoque interseccional.</p>			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		-			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input checked="" type="checkbox"/> Periódica		<input type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. D.I. (Desenvolvemento interno) B. D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas / colectivos destinatarios		Persoal técnico e político municipal, outros axentes externos			
Accións específicas		As Accións específicas para darlle resposta á medida proposta son: A. Actualización periódica do mapa de recursos e revisión dos canais de comunicación cos distintos axentes para unha mellor coordinación na atención ás vítimas.			

	B. Adecuación do protocolo a todas as formas de violencia recollidas e conceptualizadas no Convenio de Istambul.	
Indicadores de seguimento e avaliación		
Indicadores de proceso	Indicadores de resultado	
<ul style="list-style-type: none"> • Previsión da necesidade de actualización periódica do mapa de recursos • Revisión do protocolo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Actualización do mapa de recursos (si / non). • Adecuación do protocolo ás formas de violencia (si / non). 	

LIÑA ESTRATÉXICA 4		VIOLENCIA DE XÉNERO E OUTRAS VIOLENCIAS MACHISTAS			
OBXECTIVO XERAL		Erradicar a violencia de xénero e todo tipo de violencias machistas.			
Obxectivo específico	OE 4.1.	Mellorar a coordinación entre as diferentes administracións e/ou entidades na loita contra a violencia de xénero.			
CÓD.	MEDIDA	Impulso da Mesa de Coordinación Interinstitucional.			
OE 4.1.2.					
Descrición		Esta medida está dirixida a impulsar en maior medida a colaboración entre todas aquelas institucións que interveñen ante a prevención, detección, actuación e seguimento das vítimas e os casos de violencia de xénero e outras violencias machistas, así como a aumentar a cantidade de axentes e institucións involucradas para unha mellor coordinación e colaboracións interinstitucionais.			
Tipo de medida		Sensibilización, capacitación, coñecemento, servizos e recursos			
Xustificación		Se ben a mellora da coordinación interinstitucional en materia de violencia de xénero é notable a partir do I Plan de igualdade, nos traballos de diagnose detectouse que se ben a mesa de coordinación policial tivo un impulso importante, a mesa interinstitucional non tivo o mesmo impulso, sendo convocada en escasas ocasións, polo que a súa activación supón unha oportunidade para mellorar a coordinación con outros ámbitos, como o educativo, o xudicial (para mellorar a coordinación no seguimento dos casos), e os CIM da contorna (xa que por protocolo, o Sergas deriva ao CIM máis próximo e non o adoitan comunicar aos SS.SS.). Por outro lado, apúntase que sería desexable que se convocase unha vez ao ano, pero máis que nun formato "Mesa", podería organizarse unha xornada ou un encontro técnico, coa intencionalidade de fuxir do institucionalismo.			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		-			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input checked="" type="checkbox"/> Periódica		<input type="checkbox"/> Permanente <input type="checkbox"/> Puntual	
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. D.I. (Desenvolvemento interno) B. D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas / colectivos destinatarios		Persoal técnico e político municipal, outros axentes externos			
Accións específicas		Accións específicas para dar resposta á medida son: A. Continuidade da convocatoria da Mesa Interinstitucional con carácter anual baixo o formato de xornada ou encontro técnico. B. Impulso da participación doutros axentes e servizos (protección civil e emerxencias, do ámbito sanitario, dos centros educativos, dos CIM da contorna, e do ámbito xudicial) para unha avaliación continua da coordinación, comunicación e atención, así como para a identificación das dificultades e os aspectos de mellora.			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Número de reunións previstas da Mesa Interinstitucional con carácter anual. Número e tipoloxía de axentes participantes que se prevén convocar. 			<ul style="list-style-type: none"> Continuidade da convocatoria da Mesa Interinstitucional con carácter anual (si / non). Número de reunións anuais da Mesa Interinstitucional. Impulso da participación doutros axentes e servizos (si / non). Número e tipo de axentes participantes na Mesa Interinstitucional. Valoración do grao de participación dos axentes na Mesa Interinstitucional e valoración da coordinación, comunicación, dificultades, etc. 		

OE 4.2. INCIDIR NA DETECCIÓN E REFORZAR O SISTEMA DE ATENCIÓN INTEGRAL ÁS VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO E DOUTRAS VIOLENCIAS MACHISTAS

MEDIDAS

- OE.4.2.1.** Impulso da **formación continua dos e das profesionais que traballan coas vítimas da violencia de xénero e doutras violencias machistas.**
- OE.4.2.2.** Continuar ofrecendo **asesoramento e atención psicolóxica ás vítimas de violencia de xénero** para o restablecemento da súa saúde psíquica e emocional.
- OE.4.2.3.** **Fortalecemento da atención psicolóxica e educativa a menores** e fillas e fillos vítimas de violencia de xénero.
- OE.4.2.4.** Visibilización dos **servizos especializados de atención ás vítimas de violencia de xénero.**
- OE.4.2.5.** Mellora da oferta de **aloxamento de acollida de urxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos.**

LIÑA ESTRATÉXICA 4		VIOLENCIA DE XÉNERO E OUTRAS VIOLENCIAS MACHISTAS			
OBXECTIVO XERAL		Eradicar a violencia de xénero e todo tipo de violencias machistas.			
Obxectivo específico	OE 4.2.	Incidir na detección e reforzar o sistema de atención integral ás vítimas da violencia de xénero e doutras violencias machistas.			
CÓD.	MEDIDA	Impulso da formación continua dos e das profesionais que traballan coas vítimas da violencia de xénero e doutras violencias machistas.			
OE 4.2.1.					
Descrición		Esta medida está dirixida a dotar de ferramentas a todas aquelas persoas profesionais que están en contacto coas vítimas de violencia de xénero e outras violencias machistas no concello.			
Tipo de medida		Capacitación, servizos e recursos, sensibilización			
Xustificación		No proceso participativo da diagnose sinálase a necesidade de reforzar a formación especializada en violencia de xénero e outras violencias machistas por parte das e dos profesionais que interveñen ante as ditas situacións no concello, tratando coñecementos prácticos para mellorar a atención integral ás vítimas. Así mesmo, sinálase a necesidade de realizar unha formación de carácter interinstitucional que permita coñecer a todas as persoas implicadas dos diferentes ámbitos, así como o traballo que realizan na materia ("foros de formación" dentro da xornada laboral, e outras accións que posibiliten o debate conxunto, nos que se poña en común o traballo de cada ámbito). Tamén se incide, especificamente, na necesidade de que as forzas e corpos de seguridade, o persoal de protección civil e emerxencias (e o persoal voluntario de seguridade que participa nas actividades culturais e festivas no concello), reforcen as súas habilidades na intervención ante a violencia de xénero e demais violencias machistas.			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		-			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica	<input type="checkbox"/> Permanente	<input checked="" type="checkbox"/> Puntual	
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. 1 000€ B. 2 000€ C. D.I. (Desenvolvemento interno) D. D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas / colectivos destinatarios		Profesionais que traballan coas vítimas de violencia de xénero e outras violencias machistas			
Accións específicas		Accións específicas vinculadas a esta medida son: A. Continuidade na organización de accións formativas de carácter interdisciplinar e/ou "foros de formación" dirixidos ao conxunto de profesionais que fan parte da Mesa Interinstitucional (e nas que así mesmo, se posibilita o debate e se poña en común o traballo realizado desde os diferentes ámbitos implicados). B. Realización de accións formativas para mellorar a atención integral a outras violencias machistas (incidindo, especialmente, na sensibilización en materia de diversidade sexual, identidade de xénero e non discriminación das persoas LGBTI+I+I) para a mellora continua dos e das profesionais que traballan coas vítimas. C. Facer extensible as accións formativas e de sensibilización en materia de violencia de xénero e outras violencias machistas ao conxunto do persoal que forma parte da Policía Local e da Garda Civil coa finalidade de que contén con ferramentas para a detección de casos. D. Incorporación de máis coñecementos prácticos nas accións formativas dirixidas ás persoas profesionais que interveñen directamente nos casos de violencia coa finalidade de tratar directamente coa vítima, a empatía e a escoita activa.			

Indicadores de seguimento e avaliación	
Indicadores de proceso	Indicadores de resultado
<ul style="list-style-type: none"> • Accións formativas de carácter interdisciplinar previstas e ámbitos participantes. • Accións formativas que se prevén organizar para mellorar a atención integral a outras violencias machistas. • Número de axentes da Policía Local e da Garda Civil que se prevé participen nas accións formativas e de sensibilización en materia de violencia de xénero e outras violencias machistas coa finalidade de que conte con ferramentas para a detección de casos. • Coñecementos prácticos que se prevén incorporar nas accións formativas dirixidas ás persoas profesionais que interveñen directamente nos casos de violencia. 	<ul style="list-style-type: none"> • Continuidade na organización de accións formativas de carácter interdisciplinar (si / non). • Ámbitos e número de persoas participantes nas accións formativas de carácter interdisciplinar desagregado por sexo. • Organización de accións formativas para mellorar a atención integral a outras violencias machistas (si / non). • Tipo de accións formativas para mellorar a atención integral a outras violencias machistas realizadas. • Número de participantes nas accións formativas para mellorar a atención integral a outras violencias machistas desagregado por sexo. • Extensión da oferta formativa e das accións de sensibilización en materia de violencia de xénero e outras violencias machistas ao conxunto do persoal que forma parte da Policía Local e da Garda Civil (si / non). • Número de axentes dos corpos da Policía Local e da Garda Civil desagregado por sexo participantes nas accións formativas. • Coñecementos prácticos incorporados nas accións formativas dirixidas ás persoas profesionais que interveñen directamente nos casos de violencia.

LIÑA ESTRATÉXICA 4		VIOLENCIA DE XÉNERO E OUTRAS VIOLENCIAS MACHISTAS			
OBXECTIVO XERAL		Erradicar a violencia de xénero e todo tipo de violencias machistas.			
Obxectivo específico	OE 4.2.	Incidir na detección e reforzar o sistema de atención integral ás vítimas da violencia de xénero e doutras violencias machistas.			
CÓD.	MEDIDA	Continuar ofrecendo asesoramento e atención psicolóxica ás vítimas de violencia de xénero para o restablecemento da súa saúde psíquica e emocional.			
OE 4.2.2.					
Descrición		Esta medida está dirixida ao mantemento e reforzo do servizo de atención psicolóxica ás vítimas de violencia de xénero que, se ben non está dirixido especificamente a tratar os casos de violencia de xénero, dá resposta á dita situación. Ademais, recóllese a necesidade de ampliálo a vítimas doutro tipo de violencias machistas.			
Tipo de medida		Servizos e recursos, capacitación			
Xustificación		Os servizos sociais contan cun servizo de atención psicolóxica para apoiar as persoas que se atopan nunha situación de vulnerabilidade, e desde o que tamén se proporciona apoio ás mulleres que afrontan a violencia de xénero. Na avaliación do I Plan de igualdade sinálase que o servizo tivo un impacto moi positivo, logrando que moitas mulleres mellorasen o seu benestar de xeito integral. De aí a valoración da necesidade da continuidade do servizo, así como de proporcionar atención ás vítimas todo tipo de violencias machistas. Ademais, sinálase que se ben o servizo proporciona unha atención especializada ás vítimas, cómpre seguir incidindo na formación continua do persoal.			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		-			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	
		<input type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento <small>D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)</small>		A. D.I. (Desenvolvemento interno) B. D.I. (Desenvolvemento interno) C. D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas / colectivos destinatarios		Persoal de atención psicolóxica do Concello, vítimas de violencia de xénero e outras violencias machistas.			
Accións específicas		Accións relacionadas coa implementación desta medida son: A. Ampliación do foco do servizo para atender todo tipo de violencias machistas. B. Prestar especial atención ás necesidades e intereses das persoas e colectivos en situación de maior vulnerabilidade (mulleres maiores, migradas, con discapacidade, colectivo LGBTI+, entre outros), de tal xeito que se teña en conta o carácter interseccional das violencias. C. Mellora dos procedementos de traballo e formación do persoal de atención psicolóxica e de atención ás vítimas de xénero e outras violencias machistas.			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Número previsto de consultas en relación a outras violencias machistas. Número previsto de consultas realizadas por mulleres en situación de maior vulnerabilidade (mulleres maiores, migradas, con discapacidade, colectivo LGBTI+, entre outros). Tipo de accións previstas para a mellora dos procedementos de traballo e formación do persoal de atención psicolóxica. 			<ul style="list-style-type: none"> Ampliación do foco do servizo para atender todo tipo de violencias machistas (si / non). Número de consultas solicitadas e número e porcentaxe de consultas atendidas en relación a outras violencias machistas. Número de mulleres atendidas segundo: mulleres maiores, migradas, con discapacidade, colectivo LGBTI+, entre outros. Mellora dos procedementos de traballo e formación (si / non). Tipo de accións realizadas para a mellora dos procedementos de traballo e formación do persoal de atención psicolóxica. 		

LIÑA ESTRATÉXICA 4		VIOLENCIA DE XÉNERO E OUTRAS VIOLENCIAS MACHISTAS			
OBXECTIVO ESTRATÉXICO		Erradicar a violencia de xénero e todo tipo de violencias machistas.			
Obxectivo específico	OE 4.2.	Incidir na detección e reforzar o sistema de atención integral ás vítimas da violencia de xénero e doutras violencias machistas.			
CÓD.	MEDIDA	Fortalecemento da atención psicolóxica e educativa a menores vítimas de violencia de xénero.			
OE 4.2.3.					
Descrición		Esta medida vai dirixida a impulsar novamente accións específicas para a atención ás nenas e nenos vítimas de violencia de xénero.			
Tipo de medida		Coñecemento, servizos e recursos			
Xustificación		No proceso participativo da diagnose incidiuse na posibilidade de estudar a viabilidade de volver a implementar programas de intervención con menores fillos e fillas de mulleres en situación de violencia de xénero, e con iso, consolidar actuacións que xa se fixeron con anterioridade (neste caso, conveniado coa Xunta). Neste sentido, apúntase a posibilidade de estudar a viabilidade de que o Concello se adhira a convenios con ONG ou asociacións que desenvolvan proxectos nesta liña, como por exemplo a Fundación Meniños. A finalidade sería facilitar canles para atraer recursos especializados nas necesidades detectadas, como é o caso de menores vítimas de violencia de xénero.			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		-			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input checked="" type="checkbox"/> Permanente	<input type="checkbox"/> Puntual
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. D.I. (Desenvolvemento interno) B. 4.500€			
Persoas / colectivos destinatarios		Nenas e nenos vítimas de violencia de xénero			
Accións específicas		Accións específicas para o desenvolvemento de esta medida son: A. Estudo da viabilidade da adhesión a convenios con organizacións do tecido asociativo que desenvolvan proxectos de atención a nenos e nenas vítimas da violencia de xénero na provincia. B. Implementación dun programa de atención psicolóxica e educativa dirixido a menores e fillas e fillos vítimas de violencia de xénero en convenio con entidades especializadas.			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> • Compilación de organizacións do tecido asociativo que desenvolven proxectos de atención a nenos e nenas vítimas e estudo da viabilidade da adhesión a convenios. • Número e tipo de organizacións coas que se prevé establecer convenios. • Número previsto de solicitantes do servizo de atención psicolóxica desagregado por sexo. 			<ul style="list-style-type: none"> • Estudo da viabilidade (si / non). • Adhesión a convenios con organizacións do tecido asociativo (si / non). • Número e tipo de organizacións coas que se realizou un convenio. • Implementación do programa conveniado (si / non). • Número de solicitudes de atención psicolóxica e educativa recibidas e número e porcentaxe de consultas realizadas. • Dotación económica destinada ao programa. 		

LIÑA ESTRATÉXICA 4		VIOLENCIA DE XÉNERO E OUTRAS VIOLENCIAS MACHISTAS			
OBXECTIVO XERAL		Eradicar a violencia de xénero e todo tipo de violencias machistas.			
Obxectivo específico	OE 4.2.	Incidir na detección e reforzar o sistema de atención integral ás vítimas da violencia de xénero e doutras violencias machistas.			
CÓD.	MEDIDA	Visibilización dos servizos especializados de atención ás vítimas de violencia de xénero.			
OE 4.2.4.					
Descrición		Esta medida vai dirixida a dotar de maior visibilidade todos aqueles servizos específicos dos que poden facer uso as vítimas de violencia de xénero.			
Tipo de medida		Sensibilización, comunicación e difusión			
Xustificación		Nos traballos de diagnose recóllese a existencia de servizos especializados en atención ás vítimas de violencia de xénero. Non obstante, a súa visibilidade é baixa. Deste xeito, apúntase á necesidade de buscar ferramentas e canles a través das cales facer chegar á poboación oleirense a dita información.			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		Comunicación			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input type="checkbox"/> Permanente	
				<input checked="" type="checkbox"/> Puntual	
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. D.I. (Desenvolvemento interno) B. D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas / colectivos destinatarios		Vítimas de violencia de xénero e outras violencias machistas.			
Accións específicas		As accións específicas que están relacionadas coa implementación da dita medida son: A. Publicación do mapa de recursos e servizos especializados na páxina web municipal (incidindo na visibilización de servizos especializados tales como o 016, a quenda de garda do Colexio de Avogacía, os servizos de atención psicolóxica, etc.). B. Difusión do dito mapa de recursos entre as distintas entidades e asociacións do concello e as propias vítimas. Estas accións están relacionadas coa medida 4.1.1.			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Número e tipo de entidades/asociacións ás que se prevé difundir o mapa de recursos. 			<ul style="list-style-type: none"> Publicación do mapa de recursos e servizos na páxina web (si / non). Difusión do mapa entre as distintas entidades e asociacións do concello e as propias vítimas (si / non). Número e tipo de entidades/asociacións ás que se difundiu o mapa de recursos. 		

LIÑA ESTRATÉXICA 4		VIOLENCIA DE XÉNERO E OUTRAS VIOLENCIAS MACHISTAS			
OBXECTIVO XERAL		Erradicar a violencia de xénero e todo tipo de violencias machistas.			
Obxectivo específico	OE 4.2.	Incidir na detección e reforzar o sistema de atención integral ás vítimas da violencia de xénero e doutras violencias machistas.			
CÓD.	MEDIDA	Mellora da oferta de aloxamento de acollida de urxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos.			
OE 4.2.5.					
Descrición		Esta medida ten o obxectivo de reforzar os recursos de atención para a acollida de urxencia de mulleres vítimas de violencia de xénero e as súas crianzas.			
Tipo de medida		Coñecemento, servizos e recursos			
Xustificación		Nos traballos de diagnose recóllese que, dentro dos servizos para atención ás vítimas, cómpre mellorar o servizo de primeira atención no referido aos recursos de acollida de urxencia, habilitando espazos que ofrezan a mellor cobertura posible. Ademais, sinálase á necesidade de formalizar un convenio con máis dun establecemento, ampliando a rede de acollemento de urxencia, e que esta se adapte á realidade concreta de cada vítima, flexibilizando os recursos que se lles poida ofrecer, segundo as súas necesidades.			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		-			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input type="checkbox"/> Permanente	
		<input checked="" type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento) B. I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)			
Persoas / colectivos destinatarios		Mulleres e fillas/os menores vítimas de violencia de xénero.			
Accións específicas		As accións específicas vinculadas á medida son: A. Estudo e valoración da idoneidade de incorporar ao protocolo de atención inmediata ou de urxencia outros recursos de aloxamento para ofrecer unha maior cobertura ou que os recursos dispoñibles se adecúen en maior medida ás necesidades das vítimas. B. Formalización de novos convenios con varios establecementos hostaleiros e incorporalos ao protocolo de atención inmediata ou de urxencia.			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Recursos de aloxamento que se prevén incorporar ao protocolo de atención inmediata ou de urxencia para formalizar novos convenios. 			<ul style="list-style-type: none"> Mellora da oferta de aloxamento de acollida (si / non) Número de recursos de aloxamento incorporados e conveniados. 		

OE 4.3. SEGUIR INCIDINDO NA SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E DOUTRAS VIOLENCIAS MACHISTAS

MEDIDAS

- OE.4.3.1.** Realización de accións de información e sensibilización dirixidas á mocidade para o recoñecemento e detección da violencia de xénero e outras violencias machistas.
- OE.4.3.2.** Realización de accións de sensibilización en materia de igualdade e de prevención das violencias sexuais e outras violencias machistas dirixidas ao persoal das comisións de festas do concello.
- OE.4.3.3.** Posta en marcha de accións de sensibilización, de rexeitamento e denuncia pública fronte á violencia de xénero e outras violencias machistas.

LIÑA ESTRATÉXICA 4		VIOLENCIA DE XÉNERO E OUTRAS VIOLENCIAS MACHISTAS			
OBXECTIVO XERAL		Erradicar a violencia de xénero e todo tipo de violencias machistas.			
Obxectivo específico	OE 4.3.	Seguir incidindo na prevención e sensibilización da poboación sobre a violencia de xénero e outras violencias machistas.			
CÓD.	MEDIDA	Realización de accións de información e sensibilización dirixidas á mocidade para o recoñecemento e detección da violencia de xénero e outras violencias machistas.			
OE 4.3.1.					
Descrición		Esta medida está relacionada co desenvolvemento de accións específicas de sensibilización sobre a violencia de xénero e outras violencias machistas dirixidas á mocidade do municipio, co obxectivo de dotar de ferramentas e información para a prevención, a detección e a actuación fronte a estas. Esta medida relacionase coa medida 2.2.1.			
Tipo de medida		Sensibilización, servizos e recursos			
Xustificación		Na diagnose incidese na importancia de continuar sensibilizando a mocidade do Concello en temas que lles afectan máis directamente, como son: as relacións amorosas na etapa adolescente e na detección de comportamentos 'tóxicos'; a deconstrución da hipersexualización das rapazas novas; o tipo de consumo audiovisual e os modelos culturais predominantes e presentes no seu día a día; o emprego das redes sociais e a responsabilidade colectiva respecto á perpetuación de determinados comportamentos machistas; a problemática do consumo de pornografía como referente para á súa educación sexual (ás veces único referente); a discriminación do colectivo LGBTIQ+, etc. Polo que coa medida búscase incidir nestes contidos no traballo coa mocidade, camiñando así cara o tratamento integral de todas as violencias machistas.			
Departamento responsable		Ensino e Xuventude			
Departamentos colaboradores		Servizos Sociais e Igualdade			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input checked="" type="checkbox"/> Periódica		<input type="checkbox"/> Permanente	
				<input type="checkbox"/> Puntual	
Orzamento D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)		A. Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento (dotación económica anual dos programas de Igualdade e Educación Afectivo-Sexual: 59.273,06 €). B. I.O.A.A. (dotación económica anual das casas de xuventude: 104.665,01 €) C. I.O.A.A. (dotación económica anual das casas de xuventude: 104.665,01 €) D. D.I. E. D.I.			
Persoas / colectivos destinatarios		Mocidade			
Accións específicas		As accións específicas relacionadas co desenvolvemento da medida son: A. No marco do programa municipal de actividades complementarias, tratamento de contidos nos obradoiros relacionados coas violencias sexuais e as violencias cara ás persoas LGBTIQ+ e información sobre os recursos para facerlle fronte. B. Promoción entre a mocidade da Casa da Xuventude como “espazo seguro” e libre de violencias machistas. C. Deseño dunha campaña específica sobre a realidade LGBTIQ+ (canalizada a través dos locais para a mocidade). D. Creación de espazos para analizar as necesidades que existen no concello e organización de encontros interxeracionais , en colaboración co departamento dos Servizos Sociais e Igualdade, sobre a realidade e visibilización do colectivo LGTBIQ+ (aproveitando o potencial da mocidade e buscando o intercambio de saberes). E. Accións simbólicas para a visibilidade das persoas LGBTQI+ os días conmemorativos ou de reivindicación (Día do Orgullo, Día da Visibilidade Trans, Día da Visibilidade Lésbica, Día da Visibilidade Bisexual Día da			

Indicadores de seguimento e avaliación

Indicadores de proceso	Indicadores de resultado
<ul style="list-style-type: none"> • Contidos que se prevén tratar nos obradoiros do programa municipal de actividades complementarias relacionados coas violencias sexuais e as violencias cara ás persoas LGBTIQ+. • Tipo de promoción que se prevé realizar entre a mocidade das casas da xuventude como “espazos seguros” e libre de violencias machistas. • Tipo de campaña que se prevé realizar e canalizar a través dos locais da mocidade sobre a realidade LGBTIQ+. • Tipo de accións que se prevén realizar para analizar as necesidades que existen no concello, cunha perspectiva interxeracional, sobre a realidade e visibilización do colectivo LGBTIQ+. • Tipo de accións simbólicas que se prevén realizar para dar visibilidade á realidade LGBTIQ+ os días conmemorativos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Contidos tratados nos obradoiros do programa municipal de actividades complementarias relacionados coas violencias sexuais e as violencias cara ás persoas LGBTIQ+. • Promoción entre a mocidade das casas da xuventude como “espazos seguros” e libre de violencias machistas (si / non). • Tipo de promoción realizada entre a mocidade. • Campaña realizada entre a mocidade sobre a realidade LGBTIQ+ (si / non). • Tipo de campaña realizada sobre a realidade LGBTIQ+. • Realización de accións para analizar as necesidades que existen no concello, cunha perspectiva interxeracional, sobre a realidade e visibilización do colectivo LGBTIQ+ (si / non). • Tipo de accións realizadas para analizar as necesidades existentes, cunha perspectiva interxeracional, sobre a realidade e visibilización do colectivo LGBTIQ+. • Realización de accións simbólicas para dar visibilidade á realidade LGBTIQ+ os días conmemorativos (si / non). • Tipo de accións simbólicas realizadas para dar visibilidade á realidade LGBTIQ+ os días conmemorativos.

LIÑA ESTRATÉXICA 4		VIOLENCIA DE XÉNERO E OUTRAS VIOLENCIAS MACHISTAS			
OBXECTIVO XERAL		Eradicar a violencia de xénero e todo tipo de violencias machistas.			
Obxectivo específico	OE 4.3.	Seguir incidindo na prevención e sensibilización da poboación sobre a violencia de xénero e outras violencias machistas.			
CÓD.	MEDIDA	Realización de accións de sensibilización en materia de igualdade e de prevención das violencias sexuais e outras violencias machistas dirixidas ao persoal das comisións de festas do concello.			
OE 4.3.2.					
Descrición		Esta medida vai dirixida á incidir na sensibilización e prevención das violencias machistas entre o persoal das comisións de festas, a través da apertura de espazos de reflexión, facilitando guías ou unha batería de ítems coas cuestións a ter en conta na organización dos eventos (relacionados coa iluminación, paradas de taxis, traballar as mensaxes, actividades sen contidos machistas...).			
Tipo de medida		Sensibilización, capacitación			
Xustificación		Unha das ameazas recollidas na DAFO é a falta de reflexión en torno á igualdade por parte do tecido asociativo e as comisións de festas. E a este respecto, algunhas das propostas recollidas para transformar esta ameaza, inciden na necesidade de accións concretas para a formación do persoal das ditas comisións, tanto profesional como voluntario, onde se proporcionen pautas ou recomendacións relacionadas cos espazos, narrativas, mensaxes, etc. Así mesmo, valórase que tamén poida participar persoal do Concello para dinamizar as propostas que poidan xurdir da formación (ou dos espazos de formación que se articulen).			
Departamento responsable		Servizos Sociais e Igualdade			
Departamentos colaboradores		Cultura			
Período de execución		2021 <input type="checkbox"/>	2022 <input checked="" type="checkbox"/>	2023 <input checked="" type="checkbox"/>	2024 <input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input type="checkbox"/> Periódica		<input type="checkbox"/> Permanente	
		<input checked="" type="checkbox"/> Puntual			
Orzamento <small>D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)</small>		A. 1.600€ B. 3.000€ C. D.I. (Desenvolvemento interno)			
Persoas / colectivos destinatarios		Persoal traballador e voluntariado das comisións de festas			
Accións específicas		<p>Accións específicas vinculadas ao desenvolvemento da medida:</p> <p>A. Realización de accións formativas específicas e/ou espazos de reflexión dirixidos ao persoal das comisións de festas (contando coa participación do persoal técnico do Concello).</p> <p>B. Elaboración dunha guía, batería de ítems ou decálogo, para ter en conta a perspectiva de xénero na organización de eventos (tratando cuestións clave relacionadas coa iluminación, paradas de taxis, as mensaxes, contidos machistas nas actividades, etc.), e onde se proporcionen pautas ou recomendacións relacionadas cos espazos, narrativas ou mensaxes.</p> <p>C. Traballo coordinado co persoal das comisións de festas para dinamizar as propostas que poidan xurdir das accións formativas e/ou dos espazos de reflexión e que teñan como finalidade fomentar a igualdade e evitar as violencias sexuais nos eventos festivos do concello.</p>			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Tipo de accións formativas específicas que se prevén organizar. Número asociacións/comisións que se prevé que participen. Tipo de ferramenta que se prevé elaborar para ter en conta a perspectiva de xénero na organización de eventos (guía, batería de ítems, decálogo, etc.). Número de comisións de festas ás que se prevé 			<ul style="list-style-type: none"> Realización de accións formativas (si / non). Número e porcentaxe de asociacións/comisións participantes. Número de persoas desagregado por sexo participantes nas accións formativas. Ferramenta elaborada para ter en conta a perspectiva de xénero na organización de eventos (si / non). Tipo de ferramenta elaborada. Coordinación co persoal das comisións de festas (si / non). 		

proporcionar material informativo (guía, decálogo, etc.).	<ul style="list-style-type: none">• Número de propostas xurdidas das accións formativas para fomentar a igualdade nos eventos festivos do concello.• Número de propostas dinamizadas conxuntamente coas comisións de festas para fomentar a igualdade nos eventos festivos do concello.
---	--

LIÑA ESTRATÉXICA 4		VIOLENCIA DE XÉNERO E OUTRAS VIOLENCIAS MACHISTAS			
OBXECTIVO XERAL		Erradicar a violencia de xénero e todo tipo de violencias machistas.			
Obxectivo específico	OE 4.3.	Seguir incidindo na prevención e sensibilización da poboación sobre a violencia de xénero e outras violencias machistas.			
CÓD.	MEDIDA	Posta en marcha de accións de sensibilización, de rexeitamento e denuncia pública fronte á violencia de xénero e outras violencias machistas.			
OE 4.3.3.					
Descrición		Esta medida está dirixida a continuar e aumentar as accións de sensibilización, repulsa e denuncia pública por parte da Administración ante a violencia de xénero e demais violencias machistas, co obxectivo de visibilizar todas as violencias que teñen o seu eixo no patriarcado.			
Tipo de medida		Sensibilización, comunicación e difusión			
Xustificación		A percepción maioritaria extraída a partir dos traballos de diagnose, apunta ao forte compromiso político coas políticas de igualdade a nivel municipal. Desde o ano 2012, o Concello de Oleiros impulsou numerosas accións de sensibilización materia de igualdade e violencia de xénero dirixidas á poboación en xeral (conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero; do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, etc.). Non obstante, tamén se percibe a necesidade de ampliar tanto a temática como os contidos, onde outras violencias machistas tamén se fagan visibles, como pode ser a violencia contra persoas trans e demais persoas LGBTIQ+. Ademais, a proposta de accións de repulsa ante cada novo caso de asasinato ou ataque por violencia de xénero e machista.			
Departamento responsable		Comunicación, Radio Oleiros			
Departamentos colaboradores		Servizos Sociais e Igualdade			
Período de execución		2021	2022	2023	2024
		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Temporalidade		<input checked="" type="checkbox"/> Periódica		<input type="checkbox"/> Permanente	
Orzamento <small>D.I. (Desenvolvemento interno) I.O.A.A. (Integrado no orzamento anual da concellería e/ou departamento)</small>		A. D.I. B. D.I. C. D.I.			
Persoas / colectivos destinatarios		Poboación en xeral			
Accións específicas		Accións específicas relacionadas coa medida son: A. Actuacións dirixidas á poboación en xeral con motivo do 25 de novembro , Día Internacional contra a Violencia cara ás Mulleres. B. Accións simbólicas de conmemoración do 17 de maio (Día Internacional contra a Lesbo-Gai-Transfobia) para visibilizar outras formas de violencias machistas, máis aló do marco da parella. C. Deseño dun “protocolo de dó e denuncia” para a repulsa e condena pública con cada vítima mortal da violencia de xénero e ante cada caso de agresión por manifestación ou identidade de xénero, e orientación sexual (por exemplo, colocación dun lazo contra a violencia de xénero no balcón do Concello, nota de condena en redes sociais, emisión dunha cuña na radio co teléfono 016, etc.).			
Indicadores de seguimento e avaliación					
Indicadores de proceso			Indicadores de resultado		
<ul style="list-style-type: none"> Tipo de accións que se prevén realizar no marco do 25-N e 17-M. Tipo de accións que se prevén incorporar ao “protocolo de dó e denuncia”. 			<ul style="list-style-type: none"> Realización de actuacións simbólicas de conmemoración co motivo do 25 de novembro e o 17 de maio (si / non). Número e tipo de accións realizadas no marco do 25 de novembro e o 17 de maio. Deseño dun “protocolo de dó e denuncia” (si / non). Tipo de accións recollidas no protocolo e tipo de accións desenvolvidas. 		

